



EXCMO. CONCELLO
DE
B A I O N A
(PONTEVEDRA)

**ACTA DA SESION ORDINARIA CELEBRADA POLO
PLENO DO CONCELLO
O DIA 5 DE FEBREIRO DE 2009**

ALCALDE: D. Jesús Vazquez Almuiña

CONCELLEIROS: D. Angel Manuel Rodal Almuiña
Dña.Rosa Ana Marcote Guillén
Dña. Maria de los Angeles Silva Gonzalez
Dña.Maria Iglesias Fernández
Dña.Ana Simons Sánchez
D.Jose Rodríguez Trigo
Dña.Maria Jesús Martíns Passos

D. Manuel R. Vilar Marquez

D. Rafael Lores Rosal
D.Manuel Rafael Estévez González
Dña.Laura Miguez Pérez
Dña.Emilia Giráldez Ramirez
Dña. Teresa Perez Vieira
D. Manuel A. Gonzalez Marcote (quen incorporouse á sesión ás 12,10 h.)

D. Xose Enrique Fernández Fernández
Dña Ana Maria Rodríguez Fernández

SECRETARIA: Dña.Susana Gallardo Fariña

INTERVENTORA: Dña.Rosa del Riego Santos

Na Casa Consistorial de Baiona, a cinco de febreiro de dous mil nove, reúnen os señores ditos enriba, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Pleno do Concello en primeira convocatoria.

Sendo as doce horas, o Sr.Alcalde-Presidente declara aberta a sesión, pasándose ó tratamento dos asuntos contidos na Orde do Día.

1.-APROBACION ACTAS ANTERIORES.

Acta de 15 de xaneiro 2009.

Acta de 2 de febreiro 2009.

Sométense a aprobación polo Sr.Alcalde, intervindo o Sr.Fernández, BNG.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Na miña intervención, na acta do 15.1.09, páx.2, pon:



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

“ Quixera aproveitar a ocasión para felicitar á Concelleira de Cultura pola decisión que tomou de dirixir a Festa da Arribada por ela mesma e, como diría o Sr.Vilar “prescindindo dos talibans do PP”; ese é o calificativo que utiliza o Sr.Vilar cos compañeiros nosos do BNG. Polo tanto, felicidades, benvinda ó clube”, eu dixen: “benvinda ó clube dos rebeldes con causa”.

Con esta aclaración, fican aprobadas as actas do 15 de xaneiro e 2 de febreiro do 2009.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Unha cuestión de orde, Sr.Alcalde, quixera facer un comunicado que se me deu como portavoz do BNG: *“Roberto Valverde Sabin, maior de idade, con domicilio a efectos de notificación en Baiona, EXPON: No pasado Pleno Ordinario do mes de xaneiro, todos os membros da Corporación foron testemuñas dunha alteración e saída de tono provocado pola miña persoa, motivada a raíz dunha mención da miña familia por parte do Sr.Presidente, cuestión pola cal xa pedíu disculpas no mesmo momento; se ben esta actitude por parte da miña persoa non ten xustificación posible, rogaría a todos os membros da Corporación que tomen o sucedido como un exemplo do que non se debe converter unha sesión plenaria, a mención de persoas relacionadas con partidos políticos, de persoas relacionadas con entidades veciñais, de persoas relacionadas co empresariado, de persoas familiares e próximas ós membros da Corporación, nunca deberán ser obxecto de debate político, nin como parte do argumentario pola defensa, ou a oposición, dos distintos puntos da Orde do Día ou mocións presentadas, polo cal SOLICITA: teñan a ben todos os membros da Corporación aceptar as miñas máis sinceras disculpas”.*

Feitas estas aclaracións, resultan aprobadas as actas dos días 15 de xaneiro e 2 de febreiro de 2009.

2.-DACION DE CONTA DAS RESOLUCIONS DA ALCALDIA.

Os concelleiros dispoñen da devandita relación.

3.-APROBACION, SE PROCEDE, DA CONCESION DA MEDALLA DE OURO DO EXCMO. CONCELLO DE BAIONA A ORDE DAS IRMAS FRANCISCANAS HOSPITALARIAS DA INMACULADA CONCEPCION.

O Sr.Alcalde cede a palabra ó **SR.RODAL, PP**, quen da conta da seguinte:

MEMORIA

A Congregación das irmás Franciscanas Hospitalarias da Inmaculada Concepción, nace en Lisboa (Portugal) o 3 de maio de 1871.

No 1976 aprobouse pola Santa Sé, como unha congregación de Dereito Pontificio, a cal ten como mensaxe: a Gloria de Deus, é a propia salvación e a dos demáis mediante as obras de caridade, é dicir,

Onde hai un ben a facer, fágase.-



EXCMO. CONCELLO
DE
B A I O N A
(PONTEVEDRA)

A Congregación esténdese por todo Portugal. Crescendo no número de membros e de obras xa que os seus servizos foron solicitados por moitas entidades gubernamentais e por outras fundacións.

A partires do ano 1900, en Portugal, prodúcese un cambio político que dificulta a actividade da Congregación o que leva as irmás a emigrar a España e instalarse en Tui.

Co desexo de ampliar os seus servizos a outros municipios, o 1 de xaneiro de 1911, un grupo de 3 irmás: a Nai Circuncisión, Nai Dominga e unha irmá profesa, instalan a súa residencia na Porta da Vila (Baiona), na cal empezan a dar clases ós nenos do pobo, pero debido a grande demanda por parte do pobo as irmás cambiaron constantemente de vivenda xa que día a día o número de nenos foi maior e o espazo reducíase. Así que co obxectivo de mellora e de poder axudar ó pobo, o día 2 de febreiro do mesmo ano, ábrese finalmente o colexio "Virxen da Rocha" con 5 alumnos o primeiro día, 14 o segundo, 27 o terceiro e así sucesivamente ata chegar ó total de 150 nenos.

Máis tarde, incorpóranse ó corpo docente 4 irmás, a irmá Pureza dos Anxeles, la irmá Natividade do Neno Xesús e a Nai María dos Ánxeles, que co apoio dunha irmá nativa, a irmá Luisa do Patrocinio, impartiron clases ós escolares.

A finais de 1911, tamén abriuse a escola Ntra. Sra. Do Carmén, en Sabarís, coñecida actualmente como: Edificio das monxas.

As irmás afrontaron un duro traballo. Ó principio tan só eran sete as relixiosas que estaban ó fronte do colexio:

- **Catro irmás repartíanse a dura tarefa de educar a máis de 150 escolares, en catro aulas, sempre separadas por materia, nivel social e sexo.**
- **Outras dous irmás cociñaban para todos os nenos.**
- **E por último a relixiosa de maior idade era a responsable de atender os pais cando traían e recollían ós nenos.**

Co paso do tempo as relixiosas reducían o número de escolares o seu cargo, xa que na época, era costume que todos os nenos de 6 anos, marchasen a cumprir a súa formación a outros colexios tanto públicos como privados; sen embargo as nenas non tiñan as mesmas posibilidades, xa que elas quedaban máis tempo coas relixiosas pra aprender as labores do fogar.

Coma sempre as franciscanas non tiñan morada permanente xa que éstas sometíanse ós trocos de persoas e lugares. En Baiona, cambiaban de residencia segundo as necesidades do momento.

Ó pouco tempo de estar na vila, a irmandade que rexía o Hospital da Caridade, Sancti-Spiritus, confíalle ás irmás a misión de atendelo, ocupándose desta maneira tanto do internos, dos enfermos, como do escolares.



EXCMO. CONCELLO

DE

B A I O N A

(PONTEVEDRA)

A pesares das grandes diferenzas sociais da época, as irmás que impartían clases a todos os nenos do pobo nunca desprezaron ós máis pobres, xa que para elas a súa principal labor era:

"educar a todos por igual, pero sempre velar polos máis indenfensos".

Anos máis tarde, no ano 1955, co peche do "Hospital Sancti Spiritus", as relixiosas poideron adicarse por completo ó ensino, impartendo desta maneira clases de música, piano, violín, pintura, labores.....

En 1982, coa restauración do inmoible, as relixiosas viron perigrar a súa labor na vila debido á pésima estrutura do inmoible, pero grazas ó apoio do pobo, o cal estaba eternamente agradecido coa súa labor, axudáronas e entre todos conseguiron que continuasen coa gardería.

Anos máis tarde, non ano 2006, coa nova lexislación, fixeron un recorte nas súas funcións, atendendo tan so a escolares menores de 3 anos.

E na actualidade, a pesares da apertura da galescola, o pobo nunca esquecerá a complexa labor que levan desenrolando as relixiosas en Baiona, en especial, as irmás Dolores, Cristal e Rita, as cales fixeron posible que a orde das irmás Franciscanas Hospitalarias da Inmaculada Concepción cumpran un século de dedicación ó pobo.

Moitas persoas son testigos todavía en Baiona desa dobre e nobres labores, a asistencial e a educativa que as irmás desempeñaron ata poucas datas.

E por isto que o Concello de Baiona quere distinguir ese traballo de casi cen anos no noso Concello ca máis alta distinción a MEDALLA DE OURO DE BAIONA feito excepcional que como señala o Regulamento Especial de Protocolo e Cerimonial so Excelentísimo concello de Baiona "outórgaselles a a aquelas persoas, entidades ou institucións que prestasen servizos e merecementos extraordinarios en favor do Concello de Baiona".

E por isto polo que se somete en primer lugar a consideración da Comisión de Honores e Distincions e posteriormente elevar ao Pleno da Corporación o seguinte acordo:

- Conceder a Orde das Irmás Franciscanas Hospitalarias da Inmaculada Concepción a MEDALLA DE OURO do Excelentísimo Concello de Baiona.

CONTINUA.- Es para mi un orgullo, como portavoz del PP y baionés que soy, poder elevar al Pleno esta distinción tan merecida pues seguramente muchos de los aquí presentes a lo largo de estos años hayamos tenido algún lazo de unión con dicha Hermandad; en mi caso propio, mi familia tuvo la docencia, mi madre con las primeras Hermanas que existían, y en mi caso particular tengo que estarle muy agradecido a la Hermana María por mis primeros años de



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

educación como también a las hermanas Rita, Dolores y Cristal, por la educación que le han dado a mi hijo.

Las Hermanas Franciscanas de Baiona en estos 98 años se han ganado nuestro respeto y como no, cariño, tanto en el campo de la educación de varias generaciones de niños y niñas baioneses como en el cuidado de ancianos y enfermos, de ahí que creamos que esta distinción está más que justificada por su gran labor humanitaria, educativa y social.

SR. LORES, PSOE.- Bós días a todos. Porqué no reconocer esta labor destas persoas durante este século en Baiona, en ningún momento vamos a pór en dúbida a sua labor profesional e de adicación fundamentalmente a súa Orden. Entrando xa no tema da concesión da Medalla de Ouro, primeiro vou a entrar na forma e despois entraremos no fondo.

En principio, na forma, nós entendemos cun distintivo deste calibre, o máximo distintivo do pobo de Baiona, o máximo distintivo da Corporación, debe tratar de consensuarse e xuntar todas as sensibilidades que pode haber nun pobo. Neste caso, por parte do equipo de goberno, levouse xa á Comisión, como contempra o Regulamento, á Comisión de Honores; alí xa se levou a proposta practicamente sen consultar e sen consenso dos grupos, ou sen dar a posibilidade de que o resto dos grupos levamos outra alternativa a esa Comisión, se fora posible.

Por outro lado dá a impresión de que o grupo de goberno este tipo de distincións as aproveita como armas arroxadizas para ir en contra do resto dos grupos municipais, polo tanto para nós é unha mágoa porque entendemos que isto ten que facerse co máximo consenso e co apoio de todos os grupos municipais, senón isto vaise a convertir nunha utilización partidista, cousa que paréceme que é unha mala dinámica e un mal precedente. Polo tanto temos que criticar tanto a forma como o procedemento, e tamén temos que criticar que se faga así sistemáticamente duns anos para aquí: o ano pasado xa se fixo outra que se aprobou noutro mandato; entendemos que unha distinción deste tipo ten que ser algo moito máis extraordinario.

Recoñecemos, como non pode ser doutro xeito, a labor destas persoas ó longo deste tempo tanto a nivel asistencial como a nivel docente, e eu tamén tiven alí a miña filla; pero tamén hai outras institucións, outras persoas, que tamén poden merecer esta distinción; o único que decimos é que isto deberíase levar doutro xeito e que a este tipo de recoñecementos extraordinarios hai que darlles tamén un valor extraordinario. Si se institucionaliza cada ano isto pasa a ser como o que facía aquel ex-Alcalde, Benigno, cando facía os nomeamentos dos baioneses distinguidos sistemáticamente naqueles actos cada ano; aínda que daquela podíamos pensar que algunha vez nos tocaría porque eran 14 ou 15 cada ano, entón se nos puñamos á espera ao mellor algún día tamén nos tocaba a nós, entón aquilo aínda podía ter algún significado. Non imos a opórnos á labor destas persoas pero tampouco vamos a apoiar esta Moción; no fondo xa entraremos noutro momento. Moitas grazas.

SR. FERNANDEZ, BNG.- Sen ánimo de desprezar a ninguén nós queremos manifestar a nosa disconformidade co modo de facer as cousas, co pase de rodillo unha vez máis nunha cuestión importante como pode ser ésta, ademáis sen chegar a ningún tipo de consenso; non vamos a entrar máis no debate. Moitas grazas.

SR. VILAR, CMÑ.- Baiona non é un Concello que se prodigue moito en dar distincións; polo menos no que refire a distincións amparadas nun acordo plenario. Sabemos que noutras épocas se deron distincións con carácter populista, o que podía dar a impresión de que calquer veciño tiña méritos; pero dar unha distinción suxeta a un acordo plenario e que pase polo



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

proceso da Comisión de Honores e Protocolos non é moi numeroso, sobre todo no que respecta ás Medallas de Ouro.

Nestes últimos anos regulouse o tema da concesión de distincións co Regulamento e contempra a Medalla de Ouro, que quero recordar que aquí xa a teñen Sociedades como o Monte Real Clube de lates pola sua importante labor especialmente no entorno do V Centenario e toda a sua traxectoria no mundo da vela que puxo a Baiona no panorama internacional e mundial, como cando foi o primeiro Clube que fixera o desafío da Copa América de España; ou a Santa Casa da Misericordia, que leva ano tras ano o tema das procesións de Semana Santa, conesa gran tradición e arraigo que ten no noso pobo que ven da época de Felipe II que foi cando se fundou; ou o Parador de Turismo, pola sua importante traxectoria no mundo do Turismo, e que dalgún xeito é un dos grandes emblemas que ten Baiona, por certo, dende que é Parador de Turismo, o entorno de Monte Boi interior está aberto a todo o público.

Esas foron as 3 Medallas de Ouro que se concederon nos últimos anos, todas moi motivadas, e hoxe se nos presenta aquí a das Irmás Franciscanas, que qué dúbida cabe que teñen un gran arraigo en Baiona como moi ben expresou antes o portavoz do goberno, D. Angel Rodal, cando deu conta da importante traxectoria e historia desta Institución. As Irmás Franciscanas ocuparon un gran vacío no aspecto educacional, e nós xa nos apartamos un pouco no tema relixioso para non ferir susceptibilidais), pero no aspecto educacional da Vila non hai familia de Baiona que non teña a alguén que haxa pasado pola escola da Monxas, que ademáis era unha escola que naquel tempo cumpría cunha gran labor social xa que non había escola de pago, ou sexa, que era unha escola tamén para aqueles que non podían pagar; isto fixo que Baiona fora un pobo onde practicamente non existían analfabetos, aquí todo o mundo tiña una pequena formación, sabía leer, especialmente grazas á labora que se desenrolou na escola da Monxas.

Recurrido á experiencia persoal do contacto coas Monxas, xa o portavoz Angel Rodal tocou esa fibra sensible falando das suas profesoras, e eu tampouco podo esquecerme da miña época da Irmá do Divino, da Irmá Maria Luisa, da Irmá Laura (que foi por certo quen me ensinou a mín a leer), ou da Irmá enfermera, que facía unha labor importantísima no hospital, hospital de caridade de Baiona, no cal antes de existir a casa do médico se daban as consultas e se vacunaba; recordo esas primeiras vacunas que nos puñan nese hospital. Toda esta labor sanitaria, educativa, foi posible grazas á comunidade destas Irmás Franciscanas que dun xeito altruista se adicaba a facer toda esa labor en Baiona en época difíciles, cousa que agora nos parece algo elemental pero que non era algo fácil naquelas épocas, e cuns pequenos ingresos que practicamente lles daban para subsistir. Polo tanto, agora que rematan esa labor, que se cumpren case 100 anos, que deixan o local onde estaban para que o Concello o poida utilizar para outros menesteres, toda esa traxectoria importante creo que é merecedora da máxima distinción que hai en Baiona, que entendemos que é a Medalla de Ouro, que se lle dá a unha colectividade, non se dá a título persoal a nadie, se dá a quen representou unha traxectoria e é máis que merecido; independentemente das opinións políticas que poida haber con relación a este tema eu creo que premiar a labor das Irmás Franciscanas en Baiona é unha cousa máis que merecida, e non se olviden de que xa levan aquí dende a época da República, e que como ben dixo Angel as irmáns fixeron unha gran labor. Creemos que é máis que merecido e algo que nos enorgullece a todos darlle esta distinción á Orde das Irmás Franciscanas que, por certo, tamén fixeron a labor en Sabarís, ou sexa que elas dalgún xeito xa intuiron a importancia que tiña Sabarís e alí se estableceron, e unha delas, a irmá Maria Luisa, era de Sabarís, da familia de Giráldez.

Para nós esta distinción é máis que merecida e polo tanto votamos a favor.



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

SR.RODAL, PP.- Simplemente matizar que empecé mi intervención pidiendo a la Corporación Municipal que honrase ese trabajo; sé que en el fondo todos saben perfectamente el trabajo que han desarrollado estas Hermanas, tanto las que están como las que estuvieron. Me sorprende, desgraciadamente, la postura que adoptan ante este tema; no lo hacemos porque seamos el PP ni porque haya que dar una medalla de Oro, es un motivo extraordinario; si han visto el Protocolo de distinción honoraria municipal, el artículo núm.20 dice que esta distinción, la Medalla de Oro, se le otorgará a aquellas personas, entidades o institución, que presten o prestasen servicios o merecimientos extraordinarios; cumplen con creces todo ésto. Sinceramente me siento indignado.

Y ¿porqué se les concede ahora?, pues porque acaban de dejar la docencia despues de 98 años, escasamente hace 2 ó 3 meses, este es el motivo de que lo traigamos hoy al Pleno. Si le quieren dar la vuelta política, religiosa, hagan lo que quieran; pero estamos hablando de seres humanos, como les he dicho antes, pienso que todos los que estamos aquí tenemos algún vínculo con ellas y creo que esto es lo mínimo que como baioneses debemos de hacer por esta institución.

SR.LORES, PSOE.- Sr.Rodal, que vaia por diante o noso respecto ó traballo feito por estas persoas; indudablemente que non pómos en dúbida o traballo que fixeron ó longo destes tempos pero tamén hai outras persoas en Baiona que merecen o noso respecto. Dixen antes cando falabamos das formas que nós entendemos que non deberan ser así, e agora vamos a entrar un pouco no fondo. Indudablemente que estas persoas fixeron un traballo, pero sempre dende unha visión puramente relixiosa; o grupo socialista non ten nada en contra dunha posición relixiosa, incluso podo decir que maioritariamente somos católicos, pero iso non impide que este tipo de distincións non teñen que levar sempre ese sesgo; a labor que fixeron estas persoas ten para mín e para os componentes do meu grupo o máximo respecto, pero a sua docencia sempre tivo un marcado carácter relixioso, iso é así. Postos a valorar unha institución educativa entendemos que hai outra institución educativa pola que todos pasamos tamén, coa que todos tivemos algunha relación, que é Covaterreña, por exemplo; ahí está tamén e non vexo porque non se pode facer o mesmo.

Repito que non hai nada en contra das persoas, pero sí en contra de que sempre haxa algún sesgo, e no relato que fixo o Sr.Vilar esqueceuse das medallas que se lle deron a todos os Alcaldes pre-democráticos, polo tanto nos últimos anos hai un sesgo, Sr.Vilar, e nós entendemos que todo este tipo de distincións deben aunar todas as sensibilidades ou polo menos non ferir sensibilidades en Baiona; a veces xa non é tan importante que non sexan de consenso senón que non vaian en contra de ninguén, porque haberá moita xente en Baiona, cidadás, institucións, ós cales que se lle dé unha Medalla de Ouro a unha institución marcadamente relixiosa pois pode causarlle algún problema, entón por iso nós anunciamos a nosa abstención; valoramos o seu traballo pero non recoñecemos cunha labor puramente relixiosa teña que ser calificada como Medalla de Ouro da Vila.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Quixera decirlle ó Sr.Rodal que me sorprende que se sorprenda, me sorprende bastante, e aínda por riba que se indigne; se vostedes dende sua prepotencia de ter 9 votos neste Pleno se baixaran á realidade para poder chegar a un consenso seguramente que outro galo cantaría, nin se sorprendería nin se indignaría vostede; polo tanto cando queira traer aquí algo que apoiemos todos os grupos consensúen e non pasen o rodillo que están pasando Pleno tras Pleno.



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

SR.ALCALDE.- Quixera recordar que para consensuar hai unha Comisión, Comisión de Honores, onde nin o portavoz do BNG nin o do PSOE fixeron ningún comentario; dixeron que se reservaban para o Pleno; entón non podemos estar levando os temas a Comisións e máis Comisións. Recordarlle tamén o que dixo o Sr.Rodal fai un momento, haberá institucións neste Concello que teñan tantos méritos, pero dende logo ningunha leva 98 anos salvo, como decía, a Santa Casa, que leva moitos máis, pero non hai máis en Baiona. En canto a que hai máis xente en Baiona que merece respecto, claro que hai moita, pero estamos falando do cese da actividade dun grupo de persoas durante 98 anos e de verdade que eu non sei como se ensina a leer relixiosamente; Sr.Lores, vostede que é profesor: ¿cómo se ensina a xuntar as letras de forma relixiosa ou de forma atea?; eu creo que se ensina a leer, a escribir, e haberá profesores bós e malos, pero sinceramente, nestes momentos, a borrar unha realidade de Baiona de 98 anos, eu non estou disposto; eu creo que hai que dicir con orgullo que aquí houbo unha xente que durante 98 anos ensinou á poboación de Baiona, creo que non hai nada que esconder.

SR.VILAR, CMÑ.- Si entramos en temas de prexuízos relixiosos podemos abrir un debate que máis que enfrentarnos nos obriga a tomar o debate con ironía, eu recordo a gran reverencia coa que o Sr.Rodríguez Zapatero recibiu estes días ó Nuncio do Vaticano, me parece unha postura correcta e diplomática, respetuosa; agora estou mirando ondear ó vento a nosa bandeira azul e branca co escudo de Galicia, que é un cáliz, coa representación das antigas capitais das provincias galegas, é un orgullo para todos que ondee nun Concello democrático, eu vexo ese estandarte que está ahí onde está o escudo de Galicia, por certo que Baiona foi o único Concello que mantivo durante a dictadura de Franco ese pendón, que estaba prohibido na maioría dos Concellos, co escudo de Galicia, e que a moitos Gobernadores Cívís que viñan ó Concello lle sorprendía que aquí estivese ese pendón ondeando, un pendón histórico, e nadie duda que o escudo de Galicia é o que é; non é a estrela do BNG; é ese. Por iso penso que falar agora de prexuízos relixiosos cando se quer conceder unha medalla de Ouro a unha institución que como moi ben decía o Alcalde, a ensinar se fai con amor, con cariño, con dedicación, en iso as Monxas aportaron moito; e tamén había castigos, era normal naquela época, “a letra con sangue entra” era un lema que estaba así establecido; pero me parece que é algo correctísimo outorgar esta distinción.

O Sr.Lores falou do merecemento de Covaterreña da Medalla de Ouro, por suposto, e a escola de Fontes, e a do Burgo, e todas, pero non olvide vostede que o colexio de Covaterreña ten unha evolución recente da antiga escola de orientación marítima de Baiona, pola que todos pasamos despois de ir á escola das Monxas, e que estaba onde está a Casa do Mar. Polo tanto entendo que abrir ese debate é algo absurdo; vivimos nunha sociedade, temos que ser liberais, darnos conta que estamos na sociedade do século XXI, e tomar este acordo por parte dunha Corporación significa xenerosidade, amplitude de miras, e non mirar ó pasado con rencor; o pasado é o que é pero hai que mirar ó futuro que co que está caíndo nos tería que preocupar moito máis que o pasado.

Pediríalle á Corporación que reflexionara, que un voto favorable nos dignificaría a todos; non hai motivos para votar que non; hai motivos a votar que sí, que xa, por suposto; pero a votar que non, non hai motivos, e eu espero que nadie vote en sentido negativo; polo menos teñan esa cortesía.

SR.ALCALDE.- Faría un chamamento porque entendo que igual a algúns os temas electorais lles poidan pesar, pero creo que 98 anos pesan máis cunhas eleccións; pediría,



EXCMO. CONCELLO

DE

B A I O N A

(PONTEVEDRA)

porque creo que é un recoñecemento lóxico, do pobo de Baiona, que se recapacitara sobre este tema.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Unha cuestión de orde, os concelleiros do BNG exercerán o seu dereito a voto con consciencia, nada máis.

SR.ALCALDE.- Pensei que o facían habitualmente así; ¿cál é a dúbida?.

SR.FERNANDEZ, BNG.- O faremos libremente.

Polo Sr.Alcalde se procede á votación do presente punto, resultando: votos a favor, 10 (8,PP, 1,CMÑ, e 1 da Sra.Rodríguez, do BNG); producíndose 7 abstencións (6,PSOE, e 1 do Sr.Fernández, BNG).

Polo cal o Pleno, por maioría, acorda:

- **CONCEDER A ORDE DAS IRMÁS FRANCISCANAS HOSPITALARIAS DA INMACULADA CONCEPCIÓN A MEDALLA DE OURO DO EXCELENTÍSIMO CONCELLO DE BAIONA.**

(O Sr.Alcalde agradece especialmente á Sra.Ana Rodríguez, do BNG, o seu apoio a Moción).

4.-APROBACION, SE PROCEDE, DAS BASES DE SUBVENCIONS PARA ACTIVIDADES SOCIAIS, CULTURAI, MEDIO AMBIENTAIS, DE PROMOCION DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES, XUVENTUDE, DEPORTIVAS E ACTUACIONES MUSICAIS DO ANO 2009 NO CONCELLO DE BAIONA.

O Sr.Alcalde cede a palabra ó **SR.RODAL, PP**, quen da lectura á seguinte:

PROPOSTA DE ALCALDÍA

Co obxecto de fomentar a actividade asociativa e cultural do noso municipio propónse a aprobación das bases para a concesión de subvencións para actividades sociais, culturais, medio ambientais, de promoción da igualdade de oportunidades, xuventude, deportivas, e actuacións musicais a realizar no ano 2009.

Estas bases cumpren co obxectivo de conceder ós interesados unha axuda económica, en réxime de concorrencia competitiva e de acordo cos principios de transparencia, e publicidade o abeiro da Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Baiona e da normativa existente.



EXCMO. CONCELLO

DE

B A I O N A

(PONTEVEDRA)

O importe total da consignación para estas axudas ascende a 21.000 € que se imputarán á partida 463-48900 do orzamento de 2008 prorrogado para o 2009, sen prexuízo de que se poida incrementar no Orzamento do ano 2009.

É por isto que proponho ó Pleno a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Aprobación das bases e da súa convocatoria para a concesión de subvencións para actividades sociais, culturais, medio ambientais, de promoción da igualdade de oportunidades, xuventude, deportivas, e actuacións musicais a realizar no ano 2009 no Concello de Baiona.

SEGUNDO.- Publicar a convocatoria no Boletín oficial da Provincia de Pontevedra.

SR.LORES, PSOE.- Este punto xa víu o ano pasado, xa tomamos unha opción e volvemos a explicarlle outra vez; a política cultural que está levando o Concello a nós non nos gusta; nós non o faríamos como se está a facer; nós temos outra idea da programación cultural, outra idea da necesidade de promoción cultural no Concello. Vostedes basean fundamentalmente a planificación cultural nas Asociacións e nas subvencións; estas bases, que son as súas, non as vamos a apoiar, pero tampouco as vamos a negar, vamos a abstermos. O único que queremos dicir é que nos sorprende que se veña aquí cunhas bases, cunhas partidas, antes dos orzamentos; xa sabemos que están prorrogados, e xa sabemos que o poden facer, pero o normal sería que antes de traer os gastos se truxera o proxecto de Orzamentos; estamos xa no Pleno do segundo mes do ano e entendemos que non hai nada que impida que este Concello teña os seus orzamentos en tempo e forma, polo tanto que vaia a nosa crítica por diante de que entendemos que antes de aprobar gastos tería que ter aprobado o orzamento; sorpréndenos que a estas alturas do ano aínda non se haxa feito. Nada máis.

SRA.RODRIGUEZ, BNG.- Como ben dixo o portavoz do PSOE, estas son as Bases de actividades sociais, culturais, medio ambientais, de promoción da igualdade de oportunidades, xuventude, deportivas e actuacións musicais do ano 2009, do equipo de goberno, lóxicamente, do equipo de goberno do Concello de Baiona; hai varias cousas coas que non estamos dacordo, unha é por exemplo as entidades beneficiarias, que teñen que estar no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Baiona, isto xa o temos dito nas Bases de subvencións de anos anteriores de que pode haber, e hai, asociacións que traballan a nivel Val Miñor, por exemplo, e que fan actividades no Concello de Baiona e non teñen dereito a poder solicitar unha subvención. Tamén é moi curioso que a cuantía da subvención se cargue nos Orzamentos prorrogados para este ano; pensamos que o que tiña que facer o equipo de goberno antes de rematar o ano, ou a principios de ano, era traer os Orzamentos do 2009 e despois incluír esta partida dentro deles, non prorrogados; porque dín que ascenden a 21.000 euros con cargo a non sei qué, se acaso, ao mellor, no orzamento do 2009 se pode incrementar e entón se podería (ao mellor) incrementar as subvencións. Si se fixeran ben as cousas xa se saberían as subvencións que tería cada ún.

Tamén dicen que o importe máximo a percibir por cada Asociación non pode superar os 1.200 euros, por todas as actividades que faga ó longo do ano; ben, é que pode haber asociacións que 1.200 euros non cheguen a eles, pero tamén pode haber algunha asociación dentro do Concello de Baiona que traballe, que faga bastantes actividades, e non sei porque se lle ten que



EXCMO. CONCELLO

DE

B A I O N A

(PONTEVEDRA)

pór o tope de 1.200 euros; habería primeiro que mirar que actividades presentan as Asociacións ou agrupacións do Concello para poder porlles un tope, e non xa porllo dende un principio.

Nas subvencións a actuacións musicais aparece aquí unha subvención para as bandas de Música que eu non entendo moi ben, máis ou menos imaxino que será igual que en anos anteriores, xa non vou a entrar nas masas corais, músicas tradicionais, e todo o demáis. Bandas de Música; o que cobra unha banda de Música pola cantidade de xente que ten; pón aquí: un grupo A) mínimo 30 membros, e un grupo B) mínimo 15 membros, aquí todos sabemos das dúas bandas que hai en Baiona e superan con creces isto, e claro, se lle obriga a ter o 75% dos membros; e unha subvención para un grupo A) mínimo 30 membros, 450 euros, é que me parece totalmente ridícula, ou sexa, isto de querer facer as actividades culturais ó longo do ano, e máis concentradas no verán, é un coste moi barato para o Concello; entón ao mellor é moito mellor decirlle que veñan grátiis, porque darlle a unha Banda de Música 450 euros paréceme unha tomadura de pelo.

SR. VILAR, CMÑ.- Aquí se están regulando un tipo de axudas, o cal creo que é bó; non obstante o Concello, a todos aqueles grupos que teñen unha actividade periódica, lle dá isto e moito máis; non esquezamos, por exemplo, unha Banda de Música das que existen en Baiona; ambalas dúas Bandas dispoñen dun local que é un auténtico luxo; a de Belesar ten un centro municipal na propia parroquia, a de Baiona conta co edificio de usos múltiples Torrente Ballester adicado practicamente a súa actividade, o Erizana dispón dunhas instalacións exemplares. Creo que hai que valorar que o Concello a todos estes grupos que lles pode esixir en verán unha actuación determinada, incluso poderían vir grátiis e non pasaría nada; ¿que durante o verán se concentran as actuacións?, é correcto, é a época onde temos máis visitantes e cando podemos dar a coñecer a nosa cultura, todo ese importante emporio cultural que ten Baiona, sobre todo nun sitio tan emblemático como é a Praza do Concello, que está demostrado que ten un gran éxito de afluencia de xente. Creo que estas Bases están perfectamente reguladas, e calquera destas asociacións sabe que recibe moitísima máis axuda do Concello a través doutras vías, doutras Concellerías incluso.

Decía o Sr. Lores que este tema tiña que ir ligado ó Presuposto municipal; mire vostede, eu sempre fun partidario ó longo da miña traxectoria política de que os Presupostos se aproben o antes posible, iso é fundamental porque nos permite actuar cun sistema determinado; agora ben, vindo o que está pasando, que cada día temos unha sorpresa, o Estado nos reduce as subvencións dunha maneira drástica, vindo que se están pondo en xogo incluso postos de traballo que antes nós podíamos crear e agora non, creo que quizás os presupostos se tiñan que facer ó revés: o máis próximos posible cando teñamos que os gastos máis ou menos sexan reais, sexan gastos reais, porque nos pode pasar como pasa co Estado, que fan uns presupostos que neste momento están completamente desfasados, se ve desbordado pola crisis económica. En cambio nós, cuns presupostos prorrogados, vamos controlando o gasto; polo tanto iso de aprobar os Presuposto con prisa, eu, nesta situación, non son partidario de facélo; os presupostos tiñan que ter gastos reais, e a situación é gravísima, máis grave do que nos podemos imaxinar, xa vostedes saben por onde van os tiros.

Estas Bases son correctas, son realistas, e abarcan a todas as entidades sociais, culturais, medioambientais, de promoción e igualdade de oportunidades, de xuventude, deportivas, e musicais do propio Plan Cultural, polo tanto é bó que isto se regule a través dun acordo plenario que como tal vamos a aprobar.



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

SR.RODAL, PP.- Es cierto que este año la subvención es la misma que el año pasado: 21.000 euros, pero también es cierto que todos sabemos la situación en la que estamos este año como bien comentó Manolo Vilar. Sé que el Sr.Lores siempre comenta que la política cultural nuestra nunca le gusta, no le gusta la oferta que hacemos, es una pena; pero se puede ver tanto este año como el anterior que en momentos de crisis nosotros no suspendemos ninguna actividad cultural como (sin nombrar Municipios) sí lo están haciendo Municipios que están muy cercanos a nosotros. Apostamos por la Cultura, la labor que se está haciendo es necesaria; y respecto al tema de subvención puedo decirle que el año pasado aún hubo un pequeño sobrante de estos 21.000 euros, obviamente sería lo idóneo que se pudieran ampliar las partidas, como bien comentaba la señora Rodríguez, pero en este momento estamos en un momento de crisis y se mantienen los 21.000 euros.

SR.LORES, PSOE.- En ningún momento criticamos a cuantía, nin moito menos, Sr.Rodal; o que me fala da política cultural creo que xa non é a primeira vez que digo, con todos os respetos, que nós non estamos dacordo coa política cultural que está levando o Concello nos últimos anos; xa o dixemos por activa e por pasiva; están basando fundamentalmente a política cultural no bó facer e na boa disposición das Asociacións; nós respetamos e entendemos que iso sexa así, pero Sr.Vilar, os presupostos hai que facélos, e teñen que ser reais, ¿qué me está decindo?, ¿qué vostede sempre que fai un presuposto non está mirando cal é a realidade?, terán que estar axustados á realidade, e correspondelle ó goberno axustar ese presuposto; polo tanto, dependerá deses ingresos para poder definir e preveer os gastos, porque vostedes o que están facendo agora é adiantar os gastos pero non están falando nada dos ingresos. Polo tanto, o que dixó aínda nos confunde un pouco máis, Sr.Vilar.

SRA.RODRIGUEZ, BNG.- O Sr.Vilar dixó que a Banda de Música de Belesar, e a de Baiona, teñen sitios onde ensaiar, efectivamente, pero tamén vostede sabe que a Banda de Belesar o fai no Centro Cultural de Belesar que é municipal, pero é que alí se fan todo tipo de actividades, non só ensaia a Banda; e a Banda de Baiona o fai no centro Torrente Ballester que é a Escola municipal de Música de Baiona; hai outros grupos que ensaian no Auditorio, cantidade déles; a Mancomunidade de Montes solicitou o Auditorio V Centenario para facer unha mesa redonda e non pudo ser porque ensaiaba o Coro de Homes de voces baionesas, ou sexa, que non soamente as Bandas teñen eses “beneficios” do Concello de Baiona, hai cantidade de grupos; pero é para o que estamos, tamén, para potenciálos.

Sr.Rodal, non sei si se lembra vostede que no verán se suspendeu unha actuación no Concello de Baiona, unha polo menos, pola mala xestión ou polo que fora, era subvencionado por CAIXANOVA, e paréceme que CAIXANOVA en decembro truxo a María do Ceo pola non actuación de Son de Seu; ou sexa, que hai Concellos que suspenden actuacións polo que sexa, pero o Concello de Baiona tamén; non vamos aquí a decir que nunca se suspenden actividades culturais ou doutro tipo; tamén se suspenden.

SR.ALCALDE.- Explícolle a suspensión de Son de Seu; para o mánager de Son de Seu, o recinto que foi utilizado por múltiples grupos de todo o mundo, parece ser que non era adecuado para sua categoría, entón non quixo realizar o concerto; e se lle deu a posibilidade de ir ó Auditorio, que penso que é un recinto que cumpre todos os requisitos, e tampouco podía ser; entón xa falamos con CAIXANOVA e lle dixemos o que pasaba e CAIXANOVA estaba indigando con este grupo, ou sexa que non é un problema do Concello de Baiona; ese grupo se quer o Madison Square Garden pode pedílo, e se lle dirá “Baiona non ten ese escenario” e eles



EXCMO. CONCELLO

DE

B A I O N A

(PONTEVEDRA)

non virán a Baiona; se aproveitan de que teñen un contrato con CAIXANOVA; o manager chegou a Baiona e fixo o que dixeran; foi o mánager, non o grupo, o grupo nin chegou a Baiona. Dende logo nós estamos orgullosos das instalacións que temos e se hai alguén que vai moito máis arriba e quer chegar a actuacións dese tipo pois evidentemente Baiona é honesta, pero humilde, e é o que é.

SRA.RODRIGUEZ, BNG.- Cando nós na lexislatura anterior estivemos gobernando 18 meses, nese primeiro verán, entramos a finais de xuño, tiñamos unha actuación de Milladoiro, que xa estaba contratada con CAIXANOVA, e eu lembrome como concelleira de Cultura naquel momento que de Milladoiro nos mandaron un dossier con todo o que necesitaban, entre eles o escenario como o querían; non pudemos facélo na Praza do Concello; tivemos que facélo, que me acordo que valeu soamente o escenario, 6.000 euros; que eu decía “me cachis na mona”; que o día que entramos lle preguntamos á Interventora como estaban os orzamentos de Cultura e había menos 9.000 euros, e resulta que o palco nos costaba 6.000 euros; moi ben, Milladoiro viña gratis, pero ó final saíu Milladoiro en 9.000 euros para o Concello de Baiona; isto nada máis entrar eu na Concellalía; con isto quero decirlle que me imaxino que como Milladoiro mandou o dossier, Son de Seu tamén o faría decindo que como quería seu escenario, e se o escenario da praza do Concello non cumpría os requisitos que o grupo esixe pois habería que porlle o escenario na Palma, como se lle puxo a Milladoiro no seu momento.

SR.ALCALDE.- Milladoiro tamén actuou estando nós, con María Iglesias como Concelleira, e actuou onde pedíu actuar; pero este grupo dixó que non lle valía o escenario xusto o mediodía do día da actuación; non fixo como o fai Milladoiro, grupo serio, que dí “necesito isto e isto e senón se cumpre non vou a Baiona”, se iso se dí con tempo non hai ningún problema.

SRA.RODRIGUEZ, BNG.- A anécdota é que este foi o único Concello onde non actuou Son de Seu, ou sexa, foi o único Concello onde non lle valeu o escenario.

SR.ALCALDE.- Iso é certo; en Mos creo que o escenario foi lamentable, pero actuaron en Mos, ¿porqué?, non o sei, ao mellor o mánager era de alí. O grupo dende logo non viu a Baiona, foi o mánager quen tomou esa decisión; pero é igual, CAIXANOVA recoñeceu que o Concello de Baiona non tiña ningunha implicación e por iso viu María do Ceo totalmente gratis e fora do circuito habitual.

SR.VILAR, CMÑ.- Ante todo agradecer o recoñecemento por parte da ponente do BNG de que en Baiona se fan moitas actividades culturais; vostede nomeou o Auditorio, o Centro de Belesar, ou sexa que evidentemente levamos a cabo moita actividade cultural. Iso é positivo, que teñan un local onde poidan ensaiar, facer a súa actividade cultural e deportiva, penso que neste aspecto Baiona é exemplar.

O tema de Son de Seu hai que deixálo moi claro: aquel día fixo moi mal tempo e tampouco deron moitas facilidades, digo isto porque non quero pensar que haxa xente que non sexa capaz de superar discrepancias políticas porque quero dicir aquí que parece que lle fastidiaba que estivera aquí gobernando quen está gobernando a un representante moi politizado; iso non se pode facer porque é un ataque frontal contra os veciños e o pobo de Baiona; non distinguen o que é a política do que é unha actividade cultural, porque como ben dixó antes o Alcalde logo foron a Mos e nun escenario moitísimo peor actuaron; isto é lamentable; pero ó fin e ó cabo quen sairon perdendo foron eles porque Baiona é un escaparate de primeira liña durante o



EXCMO. CONCELLO

DE

B A I O N A

(PONTEVEDRA)

verán, aberto a todos os visitantes, e quen non queira actuar aquí é quen sae perdendo, moito máis que o propio Concello, porque nós con traer outro ano outra actuación, ou vir noutra época, xa non quedamos sen actuación. Lamentablemente hai xente que non distingue a política da súa actividade profesional, desgraciadamente existe moita xente así nesta Galicia nestes últimos tempos.

SR.ALCALDE.- Sacaron a colación un tema os portavoces: o tema "Presupostos do ano 2009"; decía Manolo Vilar e ten razón que nun país serio evidentemente os presupostos do Estado teñen que ser aprobados en tempo e forma e non ser modificados ó mes. Aproveito para decir (non poden facélo anteriormente porque acabamos de recibir información do tema dos ingresos do Estado) que quero facer mañá unha reunión de portavoces para explicar a situación, os datos do Goberno para os Concellos, que creo que van a ser gravísimos a nivel de financiación, que van a afectar a todos os Concellos; é unha situación que primeiro quero dar a coñecer ós portavoces e posteriormente ós veciños do noso Concello; creo que é algo importante. Os Presupostos hai que aprobálos con datos reais e non con datos de fume, con datos que non son nin serán reais porque desgraciadamente vamos (o dín os economistas), posiblemente en 5 ou 6 meses, á imposibilidade de pagar as pensións e ós parados. Estamos falando de cousas moi serias e mañá, ás 11,30, haberá reunión de portavoces para contar todo isto e posteriormente se fará comunicación pública.

Polo Sr.Alcalde se procede á votación do presente punto, resultando: votos a favor, 9 (8,PP, 1,CMÑ); producíndose 2 votos en contra, BNG; e 6 abstencións, PSOE.

Polo cal o Pleno, por maioría, acorda:

PRIMEIRO. Aprobación das bases e da súa convocatoria para a concesión de subvencións para actividades sociais, culturais, medio ambientais, de promoción da igualdade de oportunidades, xuventude, deportivas, e actuacións musicais a realizar no ano 2009 no Concello de Baiona.

SEGUNDO. Publicar a convocatoria no Boletín oficial da Provincia de Pontevedra.

5.-APROBACION, SE PROCEDE, DA APROBACION DOS PROXECTOS FINANCIADOS CON CARGO O FONDO ESTATAL DE INVERSION LOCAL.

O Sr.Alcalde cede a palabra ó **SR.RODAL, PP**, quen procede á lectura da seguinte:

PROPUESTA DE ALCALDÍA

Resultando que en BOE de fecha 2/12/2008 núm. 290 se publica el Real Decreto-Ley 9/2008, de 28 de noviembre, por el que se crea un Fondo Estatal de Inversión Local y un Fondo Especial del Estado para la Dinamización de la Economía y el Empleo y se



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

aprueban créditos extraordinarios para atender a su financiación destinado a promover al realización por parte del ayuntamiento de inversiones creadoras de empleo.

Resultando que en fecha 26 de diciembre de 2008 la Junta de Gobierno Local, previa reunión de la Comisión de Seguimiento de las obras a realizar con cargo al Fondo Estatal de Inversión Local, adoptó el siguiente acuerdo "Aprobar los siguiente proyectos de obra que el Ayuntamiento de Baiona realizará con cargo al Fondo Estatal de Inversión Local

DENOMINACIÓN DE LA OBRA	PREVISIÓN DE PERSONAS A OCUPAR	PRESUPUESTO	IVA	PRESUPUESTO DE CONTRATA
AMPLIACIÓN DE LA RED MUNICIPAL DE SANEAMIENTO EN PARROQUIAS	8 personas	344.827,59euros	55.172,41euros	400.000 euros
PAVIMENTACIÓN, REPOSICIÓN DE SERVICIOS Y SUPRESIÓN DE BARRERAS ARQUITECTÓNICAS EN LA CALLE ELDUAYEN	8 personas	518.204,84euros	82.912,77 euros	601.117,61euros
SENDA FLUVIAL RIO BAIÑA	5 trabajadores	155.172,42 euros	24.827,58 euros	180.000 euros
PASEO MONTEBOI	6 trabajadores	421.581,30 euros	67.453 euros	489.034,31 euros
URBANIZACIÓN ENTORNO SANTA LIBERATA	6 trabajadores	152.031,53 euros	24.325 euros	176.356,57 euros
HUMANIZACION CALLE MARQUÉS DE QUINTANAR	9 trabajadores	214.530,62 euros	34.324,90 euros	248.855,52 euros

Resultando que hasta la fecha han sido autorizadas por el Secretario de Estado la realización de las siguientes obras: Ampliación de la red municipal de Saneamiento en Parroquias, Paseo Monteboi, Humanización calle Marqués de Quintanar, Urbanización Entorno santa Liberata y Senda Fluvial río Bahiña.

Resultando que el artículo 3 del Real Decreto-Ley 9/2008, establece entre otros requisitos las obras financiadas deben ser de nueva planificación y de ejecución inmediata, entendiéndose como obras de nueva planificación aquellas cuya ejecución no esté prevista en el presupuesto de la entidad para el año 2009.

Resultando que el artículo 22.1.ñ de la Ley 7/85, de bases de régimen local es competencia de pleno la aprobación de los proyectos de obras y servicios cuando no estén previstos en los presupuestos.

Resultando que se ha tramitado el expediente de generación de crédito nº 01/09 para dotar de consignación las partidas correspondientes del Presupuesto de 2008, prorrogado para 2009, una vez se ha recibido la Resolución del Secretario de Estado de Cooperación Territorial de aprobación de los proyectos correspondientes

Es por ello por lo que propongo a los miembros del Pleno, previo dictamen de la Comisión informativa de Asuntos de Pleno, la aprobación del siguiente acuerdo

Primero.- Aprobar los proyectos que a continuación se relacionan con cargo a la partida presupuestaria y proyecto del Plan de Inversiones que se detalla:

DENOMINACIÓN DE LA OBRA	IMPORTE	IVA	PRESUPUESTO DE CONTRATA	Nº Proyecto Plan Inversiones	PARTIDA PRESUP.
AMPLIACIÓN DE LA RED MUNICIPAL DE SANEAMIENTO EN PARROQUIAS	344.827,59 €	55.172,41€	400.000 €	01	441-60100
SENDA FLUVIAL RIO BAIÑA	155.172,42 €	24.827,58 €	180.000 €	01	432-60101
PASEO MONTEBOI	421.581,30 €	67.453 €	489.034,31 €	01	432-60102
URBANIZACIÓN ENTORNO SANTA LIBERATA	152.031,53 €	24.325 €	176.356,57 €	01	432-60103
HUMANIZACION CALLE MARQUÉS DE QUINTANAR	214.530,62 €	34.324,90 €	248.855,52 €	01	432-60104

Segundo.- Incorporar el presente acuerdo a los expedientes de contratación, que actualmente están en fase de tramitación

Continúa.- Todos estos proyectos emplearán a unas 42 personas con una media de 6 meses de trabajo.

SR.LORES, PSOE.- Comentarle ó Alcalde que como Alcalde e como Institución non debería facer esas declaracións de alarmismo que fixo fai escasos minutos case afirmando a quiebra do Estado; como responsable do PP que o faga nun mítin paréceme que está dentro da loita



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

electoral, pero como Alcalde que vostede faga esas afirmacións nun Pleno paréceme, como pouco, primeiro, perigoso, porque é unha alarma social o que vostede está provocando; e segundo, é que tampouco é certo, iso é falso.

SR.ALCALDE.- Tamén eran falsos os datos de fai un ano de que non había crisis.

SR.LORES, PSOE.- Sr.Alcalde, deixemos a campaña electoral para os mítines; entendemos que como Partido Popular pode facer o que lle dé a gana, pero como Alcalde non; o máximo responsable dun Concello como o de Baiona non pode facer as afirmacións que acaba de facer fai uns minutos decindo que está en perigo o pago das pensións do Estado; iso non pode facélo, Sr.Alcalde.

SR.ALCALDE.- O que podo decir é que cada día chega máis xente a este Concello a pedir traballo e pedir incluso poder comer, iso é o que teño que decir; e como son responsable dunha serie de xente teño que decir as verdades aínda que non gusten a alguén, desgraciadamente é así; o camiño no que vamos vai en picado, é unha situación económica crítica, e dende logo oxalá me tiña que enganar e non sexa así; para alegrías xa temos a outros.

SR.LORES, PSOE.- Sr.Alcalde, o único que estamos esixindo é que teña vostede responsabilidade institucional. Xa unha vez aclarado este lapsus, decir que o Goberno de España é responsable e consciente da situación que estamos a vivir e por iso, Sr.Alcalde non sei que está decindo vostede, pero o Concello de Baiona acaba de ingresar 2 millóns de euros para inversións (cando se aprobe, é certo), pero unha vez que se liciten se ingresan; o 70% destas obras, unha vez que se liciten, entra xa nas contas do Concello, o 70%. Polo tanto dentro dun mes aquí haberá o 70% de 2 millóns de euros, e iso é unha realidade, para facer obras e para crear postos de traballo en Baiona. Ese é o verdadeiro obxectivo deste Plan de investimento local: facer obra pública, que é como se xenera emprego directo a case 50 persoas. As cousas deben pórse no seu sitio, non se pode estar por un lado decindo que non hai ingresos do Estado, e por outro estamos aprobando un Plan que vai traer para Baiona 2 millóns de euros para inversións, cousa que nunca, nunca, ocorreu; outra cousa que está facendo o Goberno de España: está pondo os cartos directamente á Administración Local para que a propia Administración administre onde debe facélo; non se está facendo campaña electoral con isto; cada Concello administra os seus cartos, e o Goberno de España pon eses cartos para que os propios Concellos digan onde se van a invertir; non estamos facendo nada dirixidos; a responsabilidade se pasa ós Concellos, e a iniciativa tamén; o único que está facendo o Goberno de España é pór cartos, pero pór cartos de verdade, 2 millóns de euros non sei cando chegaron aquí, Sr.Alcalde, non o sei; isto para pór en valor este plan de fomento de emprego, este plan de prevención para paliar os efectos da crisis económica que estamos a padecer.

En canto á concreción das obras, eu mesmo estiven na Comisión e dixen que sí, que estabamos dacordo, nós habíamos proposto tamén algunhas e ó final chegamos a un consenso, pero teño que decir que me sorprendín o outro día cando me enterei que a actuación que se dixo naquel momento de accesibilidade do Paseo de Monte Boi, que parecíame correcta, agora unha vez que se concreta máis o proxecto parece ser que vai como unha senda empedrada, nós non estamos en absoluto dacordo con ese tipo de actuación. Entendemos que sí era necesaria, e incluso boa, a intervención de accesibilidade nese Paseo, paseo emblemático en Baiona, que atrae a moita xente, e que para os que estamos aquí é realmente un placer pasear por él, pero xustamente por iso: polo encanto que ese paseo ten; se globalizamos ese paseo e lle metemos



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

un empedrado xa practicamente nos daría o mesmo pasear polo paseo de Samil que polo de Monte Boi; o encanto destes pequenos espazos é xustamente o sendeiro; si en vez de facer un sendeiro facemos outra cousa (aínda que sempre haberá xente que quedará contenta e paseará por alí e dirá que que ben), pero os que coñecemos como era temos que dicir que é unha pena o que se vai facer. Pasou o mesmo coas praias; nós estabamos dacordo cunha pequena intervención nelas pero non con aquela desmesura de area que o que fixo foi globalizar a praia; o encanto que tiñan as nosas praias perdeuse. Temos que pór en valor a singularidade dos nosos espazos, Baiona ten espazos moi singulares e con estas intervencións sen medida o que facemos é perder o encanto da singularidade, isto é un erro importante; non debemos perder a singularidade dos nosos espazos, é algo que Baiona non pode perder; senón somos capaces de manter o encanto do noso pobo vamos mal; Baiona ten moitos rincóns no casco, moitos rincóns nas parroquias, Baiona tiña moitos rincóns nas praias, que era algo específico e singular do noso pobo; se as intervencións rachan con esa singularidade dará o mesmo vir á praia da Barbeira que ir á praia de Samil, é o mesmo: auga e area, e punto. Se vamos agora a facer unha acera no paseo Monte Boi xa dá igual pasear por alí que polo paseo Elduayen, dá igual; iso non pode ser, haberá que manter a singularidade. ¿Qué hai que facer a accesibilidade?, correcto, con iso estamos totalmente a favor; ¿qué hai moitas zonas nas que a actuación ten que ser un pouco máis agresiva?, tamén correcto, como comentabamos da subida pola Concheira, pero o que non podemos é tratar de pór pedra en todo o paseo Monte Boi porque iso é unha auténtica aberración.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Xa manifestamos o noso parecer na Comisión de Seguimento dos proxectos das obras a realizar polo Fondo estatal de inversión local, e volvemos a dicirle o mesmo, Sr.Alcalde, volvemos a dicir que unha vez máis, sen menosprezar as obras que pretenden realizar con este diñeiro, porque todas son necesarias, unha vez máis o goberno local de Baiona como durante toda a súa vida fixo o PP neste Concello, soamente teñen ollos para o casco de Baiona; unha vez máis. Vostedes adxudican 400.000 euros para o saneamento de todas as parroquias deste Concello, e adxudican 600.000 euros para o cambio de pavimentación, reposición de servizos, e supresión de barreiras arquitectónicas na rúa Elduayen, é dicir, unha vez máis o diñeiro das parroquias volve a meterse na rúa Elduayen; adxudican 180.000 euros a unha senda fluvial no río de Bahiña; case 550.000 ó paseo Monte Boi, que estamos dacordo en que si necesita unha reforma, sobre todo de accesibilidade; 176.000 á urbanización do entorno de Santa Liberata; e 250.000 á humanización da rúa Marqués de Quintanar; para todas estas partidas existen subvencións específicas nas Consellerías da Xunta; pero claro, iso significa traballo e xestión, e de aí e do que padece este goberno local; calquer cousa menos traballo e xestión.

Dixemos que había moitas carencias nas parroquias e no Concello de Baiona que era preciso retomar, que era preciso resolvélas con este Orzamento, e a contestación do señor Alcalde foi que existía algunha carencia nas Parroquias, un porcentaxe mínimo de saneamento, mínimo, de maneira aillada e puntual; e nós lle dixemos que non estabamos dacordo, que no Concello aínda estamos moi lonxe do 100% do saneamento integral e non se fixo caso; veñen agora vostedes aquí a que lle aprobemos isto; aprobaránlo vostedes, se queren; nós, non; nós non lle vamos a dar o noso apoio.

En todo caso me gustaría que nos explicaran porque non aparece nesta taboa a relación dos 600.000 euros que faltan á rúa Elduayen, aínda que máis ou menos o sabemos creemos que se debe dar unha explicación ó respecto; e por outro lado dicir, Sr.Alcalde, que vostede xa nos ten acostumados ós alarmismos, a nós non sorpréndenos en absoluto, cando eramos pequenos nos



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

decían que viña o lobo, despois cando eramos un pouquiño máis grandes que viña a Garda Civil, e agora terán que decir que veñen os do PP a meternos medo. Eu creo, e estou co compañeiro Lores, que non se pode crear alarma (aínda que sexa unha directriz do seu partido crear alarmismo), para tratar de sacar rentabilidade política o 1 de marzo, e debера vostede medir as súas palabras porque decir nesta sala que o Goberno pensa retirar as pensións, ou que perigan estas pensións, dende logo o PP lle pode sacar rentabilidade a esas verbas, pero dende logo a inquietude que pode causar vostede entre a poboación me parece que non merece a pena. Polo tanto lle rogaría que se abstivera de nomear eses cataclismos como que “España se rompe”, ou “non van a cobrar as pensións”. Eu me acordo no día mesmo dunhas eleccións ao principio da democracia cando un cura en Bahiña dixo “se votades ós comunistas os van a sacar o que tedes; ós que tedes dúas vacas, os van a sacar unha”, a día de hoxe paréceme que non lla sacaron a ninguén, nin os comunistas nin ninguén. Non haberá vacas pero no seu Plan Xeral aparecen varias áreas de protección agraria de maneira inexplicable, e seguramente que contarán con elas a partir de agora; polo tanto lle pediría que se medira nas súas verbas con respecto a esta cuestión.

Respecto a este punto, nós non estamos dacordo co reparto deste diñeiro, en absoluto; non dudamos en absoluto tampouco que estas partidas son precisas, son necesarias, pero creemos que o equipo de goberno o que ten que facer é traballar, facer xestión na Xunta, e conseguir diñeiro para executálas, pero non da maneira fácil que o fixeron agora mesmo con esta partida.

SR.ALCALDE.- Sr.Fernández, moitas grazas por decirme o que teño que decir e non decir.

SR.VILAR, CMÑ.- Sempre digo que intervir de último ten súas ventaxas; pero penso que tanto o representante do PSOE como o do BNG están fora da realidade; están fora da realidade que nestes momentos estamos a vivir. Eu, por sorte, levo unha traxectoria política ampla e lle digo unha cousa: estou asustado, pero non llo digo en plan fanfarrón, simplemente estou asustado; estou nunha oficina que o 90% das persoas que pasan agora veñen a pedir traballo; a situación é gravísima, e hai empresas que incluso me piden a mín unha entrevista, empresas de medio ambiente, e non simplemente para ofrecer algo senón simplemente para decirmos que van a pechar porque están en quiebra e que non contemos cos seus servizos; a situación é de tal gravidade que cando o portavoz do BNG nos dí que todo o que nós aquí falamos é crear alarmismo é que están fora da realidade, e desta situación vai a ser moi difícil sair. De todos é coñecido, xa non é un secreto a voces, que o Sr.Solbes vai a dimitir ou llo van a cesar, iso todo o mundo o sabe; que a unha persoa que levaba as riendas do Goberno na cuestión económica llo teñan que facer dimitir ou cesar é gravísimo; significa que se está funcionando por ocorrencias e que non hai unhas medidas firmes do Goberno dun plan para superar esta crisis. Isto repercute directamente nos Concellos, con este punto do que estamos a falar. Nos van a dar agora unha inversión para Baiona de 2 millóns de euros, noutras circunstancias diríamos “estupendo”, pero a frase non é esa, temos que decir “desgraciadamente nos van a dar 2 millóns para tratar de paliar o paro”, esta é a realidade, desgraciadamente nos dan eses cartos para paliar o paro, para empregar a unhas 42 persoas, isto é un plan de emerxencia do Goberno para tratar de paliar un pouco esta crisis; que se vai a chegar ós 4 millóns de parados, que se vai a superar ese porcentaxe; e todos sabemos que cando un Estado supera o 16% de paro non hai Seguridade Social que resista. A situación é de tal gravidade que eu preferiría en Baiona non ter estas inversións e que as aportacións ordinarias ós Concellos non se mirasen mermadas, porque iso significaría que entón se mantería o equilibrio que ten que ter un



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

gobierno; porque non é normal que a nós nos den un prazo de 6, 7 meses, para estas inversións; non é normal.

Todas estas inversións xa sabemos que terían unha razón de ser ó longo dunha xestión económica, ó longo do tempo, e facer o que realmente se podería facer nun país que ía con crecemento económico, pero agora é un país que está en recesión; e se intenta paliar isto dándolle estes cartos ós Concellos; isto é unha desgracia, nós evidentemente temos uns proxectos que tivemos que facélos, que os tiñamos en mente, que son proxectos rápidos para que logo entren no período en tempo e forma, e tivemos que abordálos, e por certo, a maioría deles están nas parroquias, hai unha parte importante no casco urbano de Baiona, e por certo, non vai o tema de Sabarís porque ahí había un proceso dun concurso de ideas que agora está pendente de resolución e non tiñamos resolto iso porque era materialmente imposible, senón, posiblemente si tiveramos resolto ese tema meteríamos ese tema de Sabarís. Con isto quero dicir que a situación económica que estamos pasando en España é algo de verdade moi grave, estamos cun Goberno que funciona por ocorrencias, que non hai ningún plan para saír desta crisis, que nos vai a afectar a todos; pero claro, os que están gobernando, os señores do BNG e os señores do PSOE xa firmaron aquí; non, si aquí non hai crisis, se isto é cuestión de xestión do goberno; preferiría que non nos deran nada ó Concello pero non vivir o drama do paro que estamos vivindo en Baiona en concreto. Esta é a realidade que todos temos que sufrir.

A mín que os socialistas digan que non apoian este tema me ten sen coidado; se vostedes non queren apoiarnos, non o fagan; nós, o goberno, temos votos suficientes para sacar estes temas adiante; e antes dixeron que sí e agora din que non porque ten máis encanto deixar así o Paseo Monte Boi; miren, Baiona é unha Vila cun componente urbano importante, e como ben decía o outro día o señor Alfonso Penelas, arquitecto de prestixio, cando estaba resolvendo o tema de Sabarís, “o importante é dispór do espazo e logo darlle esa configuración urbana para facélo habitable”, e resulta que nós dispómos dun espazo natural que é Monte Boi e no momento que eliminemos as barreiras e lle coloquemos pedra, é un luxo; é un luxo que se non houbera esta crisis non o poderíamos facer, son o primeiro en recoñecélo; pero vaise a facer paseable, e se fai paseable para que incluso as mulleres poidan pasear con tacóns, as persoas da terceira idade sen problemas, todo iso axuda a converter en urbano un espazo que está nun entorno privilexiado, por se hai alguén que ten dúbidas. ¿Qué pasa?, que o outro día, os señores do PSOE con moi bó criterio e con moito sentido común, na Comisión Informativa, votaron a favor destes proxectos; pero é que na súa assemblea dín “¿pero cómo vamos a votar a favor do goberno local?, hai que dicir que non”, e resulta que disculpan ese non porque non se conserva o xabre do paseo Monte Boi. Todo isto sona a cafkiano pero é a realidade; pero non pasa nada, os proxectos se van a facer; e como ben decía un amigo ó que eu aprecio, independentemente do debate político, “mira, aínda que non se faga o campo de golf eu non me vou a colgar dun pino para protestar”, é unha frase que me fixo reflexionar xa que as veces as persoas temos un gran sentido común, e as veces podemos pensar que isto da política é un gran teatro, hai que calmar ós talibáns moitas veces; pero o que sí é evidente é que estas obras que agora vamos a aprobar, por desgracia, son para paliar unha situación terrible de paro que está a sufrir España. Vamos a aprobálas, vamos a invertir, vamos a cumprir cos prazos, e vamos a intentar darlle traballo a estas 49 persoas; pero ésta non é a solución do país porque me temo que a situación é moito máis grave do que realmente parece, e moito máis grave; fora xa do sentido do humor que



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

temos que mantér, isto é algo que nos debería preocupar a todos, non se lle mira luz a este túnel, por desgracia.

SR. RODAL, PP.- Como comentaba muy bien Manolo Vilar, este fondo estatal de inversión local se metió con calzador, como comentamos en el Pleno anterior había un mes ó mes y medio para preparar todos estos proyectos. Hemos trabajado, hemos hecho nuestros deberes, es más, hemos presentado dos proyectos, y creo que somos uno de los pocos Municipios de toda España que ha creado una Comisión de Seguimiento Extraordinaria con la oposición, creo que debemos de ser el único de toda España, con lo pequeñita que es Baiona. Pero lo curioso es que cuando fuimos a esa Comisión, que aquí no se comentó nada, creemos que la oposición tiene mucho que hacer en este gobierno, cuando le propusimos estos proyectos dieron el visto bueno a todos, y es más, yo pensaba que iban ustedes a poner algo encima de la mesa, alguna alternativa, alguna opción; ni una, ni una; o sea, que nosotros hicimos los deberes, como dijo Manolo Vilar ya teníamos unos proyectos, y ustedes no hicieron ni una propuesta; Sr.Fernández, ¿cuánto duró esa reunión?, por no hablar de la prisa que tenía usted, duró 20 minutos esa reunión y usted no habló ni un minuto, entonces no venga a contar películas, ustedes no aportaron nin una sola idea para debatir; aceptaron todos estos proyectos; después hablaremos de la piedra suya. Nosotros sí hicimos los deberes, y otros Municipios rechazaron obviamente a la oposición, nosotros no, y resulta que los del PP y CMÑ somos antidemocráticos, ahí se vé.

Sr.Lores, comentarle lo de la piedra de Monte Boy; ustedes tienen la sede en Santa Liberata, tanto el BNG como el PSOE, en su tiempo Santa Liberata era de xabre y ahora mismo está de pizarra y con esta urbanización va a ser de piedra, si usted no está de acuerdo con la piedra si quiere dejamos la entrada de las sedes de xabre, si ustedes lo quieren así. La piedra tiene un toque medieval, de hecho en la zona de la Barbeira, el principio del paseo, unos 200 metros son de piedra, y es bonito y no va mal con el entorno; y ustedes saben perfectamente todo el problema que nos trajo el xabre en el paseo Monte Boy.

Usted comentó antes que con este fondo de inversión estatal no había ningún tipo de campaña política, electoral; le voy a comentar, el 28 de diciembre de 2008, cuando se aprobó este Real Decreto, desde el Estado se decía que en cada obra de éstas que se van a realizar en toda España, que son muchísimas, habría unos carteles de obra y que cada cartel mediría 1 x 1,5 metros, a los 20 días, el 13 de enero del 2009 se modifican por una resolución las medidas de los carteles y se pasa a 4 x 3, o sea, de unos carteles que anunciarán inversión se dieron cuenta que para poner "inversión del Estado que ayuda a los pobres Municipios" pasan de 1,5 m² a 12 m²; ¿sabe cuanto vale cada cartel de esos?, 2.900 euros; multiplíquelo por cada obra que se va a realizar en toda España; y después estamos hablando de ahorro, ¿de qué estamos hablando?. Y ¿usted sabe lo que son 12 metros de panel?: vamos a tapar nuestra marisma, a tapar todas nuestras vistas, y después estamos hablando de que tenemos que mantener el medio ambiente y el rural, con esto quiero decir que son medidas que se toman pero no son medidas reales, si realmente hablamos de época de crisis hay que ir a lo efectivo, y obviamente detrás de todo ésto hay una parte política.

SR.LORES, PSOE.- A situación é complicada, é grave, esixe responsabilidade por parte de todos os cargos públicos e políticos; non podemos falar tan alegremente do tempo de fame; o Gobierno de España está traballando, os Gobiernos das autonomías están traballando; o que se esixe a todos os responsables políticos é apoiar, arrimar o hombro, para sacar a España deste problema complicado; pero non é un problema de España, xa o saben, é un problema de



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

Francia, de EE.UU, de Alemania, eles tamén están con este tipo de medidas. Creo que deberíamos facer un pequeno paréntesis e non utilizar este tipo de temas, que son moi complicados e graves, como arma electoral; despois, nos mítines, xa falaremos; pero no Pleno, como representantes fundamentalmente dos nosos veciños, temos que ter certa responsabilidade á hora de falar destes temas, por iso pediría un mínimo de seriedade e responsabilidade por parte de todos.

En canto ós proxectos, que nós defendimos naquela Comisión, como dí o Sr.Rodal, é certo que en poucos, non sei en cantos Municipios se fixo esta Comisión, en Baiona sí se fixo, e nós naquel momento xa agradecemos esa disponibilidad por parte do goberno; naquel momento, o membro representante do grupo municipal era eu e falouse deste tema pero non se concretou; tamén cando naquel momento se falaba, e o Sr.Vilar fixo unhas pequenas referencias ó que se ía facer en Monte Boi, era que ía facerse accesible e polo tanto nós por suposto que estabamos a favor, se falaba de intervencións pequenas e grandes, pero ía ser mantendo o ambiente de sendeiro; despois polas razóns que sexan as cousas cambiaron, porque así o goberno o decidiu, e nós non estamos dacordo. Non é certo o que dí o Sr.Rodal de que nós non fixeramos propostas, eu mesmo dixen que me parecía que había un desequilibrio coas parroquias e contestoume o Sr.Alcalde, e así tamén o falamos, de que habería outros orzamentos doutras institucións que poderíamos falar de solucións para Sabarís; falabamos, Sr.Rodal, non sei si se acorda, dunha remodelación da Praza de Abastos, falamos incluso nós de que tiña que haber unha intervención en parroquias e nalgunhas rúas de Baiona, concretamente en Marqués de Quintanar ou Elduayen, e despois vostedes colleron as dúas; iso nós xa o levabamos tamén. Tamén falamos de intervencións en parroquias, había algunha proposta que despois non cristalizou; ou sexa, chegouse con bó sentido e máis tamén dixo o Sr.Alcalde que se levaban estes proxectos porque pola premura dos prazos eran os que tiñan máis posibilidais de ser executados, e todos entendimos esa realidade de que non había tempo e non había posibilidade de facer un proxecto novo partindo de cero, polo tanto esa foi unha das razóns para que todos estiveramos dacordo; e non houbo discusión, houbo incluso asentimento e pola miña parte dixen que estabamos a favor délo; por tanto creo que non se deben terxiversar os feitos, alí houbo propostas de todos os grupos e despois ó final foi unha proposta que nos parecía sensata.

En canto á pedra, Sr.Rodal, eu sei que a vostede, como a mín, gústalle pasear por ese paseo, e sei que para ter un paseo de pedra xa o temos pola parte de arriba no Parador; o Parador xa ten ese mesmo paseo empedrado; ao mellor, en vez de facer este investimento, poderían chegar vostedes a un acordo co Parador, darlle algo para o mantemento dese paseo, e así poder utilizarlo os veciños de Baiona; non sei si é posible ou non, pero polo menos é interesante.

O paseo de abaixo ten un encanto distinto ó de arriba, e para moita xente, incluído eu, ten moito máis encanto o de abaixo; é de sol e sombra, terra, barro; ¿qué hai que facer?: unha boa recollida de auga, por suposto, e ahí sí que hai que invertir; hai que pisar o xabre; o que pasa, Sr.Vilar, é que se utilizamos o desterre do Aral para botálo no Monte Boi, así, xabre, barro, e todo o que fora, entón claro que aquilo ten problemas, porque como non se sabía onde meter tanta area, tanto barro que saíu do Aral, entón ciscamos todo o barro por todo o Concello e entón tamén lle tocou un pouco ó paseo Monte Boi, un pouco bastante, quedou así e foi unha chapuza, que nós no seu momento xa o dixemos tamén.

Pero se o camiño está ben tratado e hai un bó mantemento non haberá problema co xabre; si se recollen as augas e se compacta ben, non hai problema; e nos espazos que hai unha accesibilidade complicada, que hai moita rampa, ahí sí que haberá que facer outro tipo de intervención; manteñamos esa intervención mixta de terra e pedra, iso sí que terá sentido, e



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

manteremos fundamentalmente a singularidade dos espazos que temos; porque empedrar agora todo aquel espazo das filgueras, por exemplo, eu a verdade é que non o vexo. Hai que facer que sexa accesible para todo o mundo, para un neno, para unha cadeira de rodas, por suposto, e nadie está en contra de iso, pero con mesura; aquí dá a impresión de que temos cartos e xa todo pedra, todo formigón, iso non é así; a pedra é boa para Santa Liberata, Sr.Rodal, por suposto, pero si é tan boa bótenla tamén na Barbeira e xa non lle pasamos nin a máquina, pasamos a manguera e xa está, xa non nos manchamos nin os pés de area e xa está, e incluso haberá xente a cal lle encante, ao mellor a mín tamén que non me gusta a area, pero non é así, cada cousa para o que é.

A filosofía deste proxecto por parte do Goberno de España é que sexan os propios Concellos os que desenrolen e administren estes cartos. Neste punto nós vamonos a abster e deixar ó goberno que actúe con responsabilidade.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Sr.Rodal, vostede ten moi mala memoria; pero soamente cando lle interesa; acórdese vostede do que dixen das parroquias e do que dixen das separativas, que este Concello necesitaba chegar ó saneamento integral ó cal o Sr.Alcalde me contestou que quedaban poucas zonas por facer e eran puntuais, palabras textuais do Alcalde, e que as separativas é preciso realizálas porque vamos a enviar por bombeo a auga a depurar ata Silleiro e estamos mandando as augas fecais mezcladas coas da choiva, e era unha cuestión importante, económica, e estratéxica para este Concello, senón as facturas de corrente van a ser de coidado.

Destaca vostede o intenso traballo que levan realizando estes últimos días debido ás condicións que lle impón o Goberno Central; home, non me extrana que o destaque: non traballan nunca e para unha vez que traballan teñen que presumir délo, evidentemente, “dime de que presumes e te diré de lo que careces”.

Respecto ós carteis que van a pór, non sei de que medidas son, vostede parece sabélo; nin sei canto costan, e vostede sí; o que sí sei é dos carteis que puxo o Sr.Fraga cando foi o Plan Mega, que serviron para colocar a cartelería de moitas eleccións, Plan de mellora eléctrica de Galicia; e a día de hoxe hai ún en Sabarís, ó lado da ponte romana, que dí “Plan de mellora eléctrica de Galicia” no barrio de Urgal, en Medialdea, e foi o diñeiro que se gastou nese Plan, ó do cartel; esa é a política do Sr.Fraga e do PP; esperemos que desta vez dé algo máis que para os carteis; confiamos, eu estou seguro, de que sí van a pagar o que prometeron.

Sr.Vilar, está vostede preocupadísimo polo paro; e vostedes ¿qué fan en Baiona para evitálo?, porque temos o Concello con máis parados de toda Galiza; ¿qué fai o goberno local de Baiona polo paro, aparte de ter a unha persoa, o encargado de emprego deste Concello, a pedir curriculum para darlle traballo neste Concello?, iso tiñan que facélo a través da oficina do INEM, ¿ou pretenden seguir vendendo favores políticos e crear votos cautivos para o día 1 de marzo que voten polo PP outra vez?, esa é a política do PP e deste goberno neste Concello, e evidentemente que pasan pola súa oficina porque saben que vostede é quen corta o bacalao aquí en materia de emprego, e noutras materias tamén; por iso van a súa oficina; vostedes seguen co caciqueo do voto cautivo, como fixeron toda a vida, así sacan os resultados que sacan.

Falou vostede de que poderán pasear con tacóns polo paseo Monte Boi, olvidouse das zamancas ¿se acorda?, cando falaba vostede “é que os do BNG queren que a xente vaia polo casco en zamancas”, pois mire, llo volvo a repetir: polo casco de Allariz van a señoras tamén de tacón, e conserva o seu encanto, as pedras de sempre; non se sacan as pedras vellas e se meten pedras de chapa; se meten as vellas porque son as que conservan o encanto, e acórdese



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

do que dixo o outro día aquí o Arquitecto, cando falaba de pedras e de fantasmas, acórdese porque foi unha lección moi boa.

Con respecto ós talibáns estamos todos dacordo; o outro día, a concelleira de Cultura, foi felicitada porque dunha sacudida se sacou a ún dos talibáns do PP; e por iso a felicitamos.

E eu non lle falei en absoluto, nesa Comisión, de Sabarís; foron vostedes; porque seguramente que pensarían que ó non ir para Sabarís ningunha partida xa llo ía a botar en cara, e mire, eu son concelleiro portavoz do BNG, e teño a responsabilidade de defender os intereses de todos os veciños e veciñas de todo Baiona, non de Sabarís soamente; eu teño que defender os intereses de todas e todos os veciños deste pobo e vostedes están única e exclusivamente, unha vez máis, cada vez que teñen unha partida económica, metendo o diñeiro no casco de Baiona, e vostede o estivo facendo dende o ano 84 que estivo de Alcalde; infinidade de veces o diñeiro de Deputación, dos plans especiais da Deputación para saneamento das parroquias, se meteu na rúa Elduayen, metendo pedra; e vostede daquela dixo que a rúa Elduayen era o espello de Baiona. E cando se lle explica isto ós veciños das parroquias, e cando se ten a cento e pico persoas diante, non lles sorprende, pero lles indigna.

Decía vostede que a veces isto parece un teatro, evidentemente que a veces sí; pero mire: eu veño aquí a defender os intereses do pobo, e vostedes veñen a defender os seus e os do seu partido.

SR.VILAR, CMÑ.- A verdade é que o señor Xose Enrique, o Sr.Lores, se posicionaron en defensa dos seus intereses políticos nunha situación que desgraciadamente eles parecen ignorar porque como están gobernando na Xunta de Galicia e teñen responsabilidade miran o prisma dende as alturas, non o miran dende a realidade.

Vostede tocou o tema de Sabarís; eu lle podo empezar a nomear obras que fixemos en Sabarís, emblemáticas, ao mellor non me chegarían moitos folios; quero recordarlle que por aquelas datas, cando nós asumimos a Alcaldía, Sabarís non tiña saneamento e levamos o saneamento dende Escubichas ata Baiona; non me diga que terxiverso as cousas, non, Sabarís non tiña saneamento, e víu cun bombeo dende Escubichas, unha obra de Espina e Delfín estando de conselleiro da COPTOPV o Sr.Diz Guedes; levamos o alumeadado; se fixo unha ponte nova porque había uns atascos espectaculares; se preparou a carretera polo litoral. Podería seguir, pero ún xa leva moito tempo aquí e vostede se cree que todo lle víu así, pero realmente se preparou a avenida de Sabarís, autopista, posiblemente se transformou Sabarís como nunca se transformou nada, o que pasa é que a vostede lle traicionan os seus impulsos.

Aquí estamos falando agora dunhas obras que están moi ligadas á situación económica, e evidentemente esta é moi grave; non é responsabilidade do Concello de Baiona a situación dos parados, non; é de quen governa na Xunta de Galicia; dos que gobernan en España; porque a crisis económica que está pasando España non ten que ver nada coa crisis financeira; aquí se pretende ocultar que a crisis do paro que está pasando en España é produto da financeira, en absoluto; en Francia non hai esta recesión como a que temos aquí en España, ou en Alemania, ou Inglaterra, ou en Italia; en España é moitísimo máis grave. E o que é máis grave é que en España hai unha crisis de confianza, nadie se fía de nadie, ¿quen se vai a fiar dun Goberno que escapa de facer un plan enerxético nacional e temos a enerxía máis cara de Europa?, ¿quen se vai a fiar dun Goberno que non quere abordar un plan de emprego e prefire que pechen as empresas antes de facer un plan de emprego?, ¿quen se vai a fiar dun Goberno que ó que está é tirando dos fondos que ten o Estado e vaciando o tema da Seguridade Social pondo en perigo incluso as pensións e as prestacións por desemprego?,



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

¿quen se vai a fiar dun Goberno que fixo o que fixo co Estatuto de Cataluña e existe un gran desequilibrio á hora de financiar ás autonomías?, digo todo isto porque precisamente vostedes nos están achacando que somos os culpables do paro cando non é así, esa é a triste realidade de España, a triste realidade da Xunta de Galicia: que para non aumentar o número de parados o que lle fai ós operarios de Citroen é darlle cursillos para que non vaian ó paro, e eles dicen ¿pero de qué nos vale que nos financien senón hai que compre coches?. A situación é moi grave Sr.Fernández, e os responsables son os que actualmente están gobernando tanto en España como na Xunta; esos son os responsables, a pesar de que manipulan certos medios de comunicación nacional. Xa sei que non lle gusta escoitarme, pero esta é a realidade; ¿sabe cal é a nosa responsabilidade como goberno?, é intentar aprobar o PXOU, e non estar na pola e non darse conta cun Concello sen un Plan de ordenación municipal non pode xenerar emprego, non pode xenerar traballo na construción, o que é un elemento dinamizador; nós temos ahí unha obriga, e ahí estamos cumprindo os prazos.

Desgraciadamente esta realidade a vostedes lles vai a absorber, tanto que a situación vai a facerse insostenible. O paro non é culpa nosa, e a xente ten máis sentido común do que vostede cree; e ahí é onde está o auténtico problema deste país: que vostedes non queren escoitar; vostedes sí que son os responsables, son os responsables porque son da mesma tendencia política dos que están gobernando en Galicia e en España; iso sí: imaxe e control dos medios de comunicación, todos os que queiran.

Este tema convén falálo e debatílo porque estamos tratando neste punto dunha inversión en Baiona que está ligada á crisis económica; isto está dentro da Orde do Día, aínda que non lles guste a vostedes; polo tanto nós pensamos que este tema xa está máis que debatido, temos as ideas claras e de verdade repito que a situación estase facendo insostenible; a pesar de todo nós vamos a votar a favor posto que son coarenta e tantas persoas que van a poder traballar, se van a facer obras importantes en Baiona, e polo tanto non vamos a dicir que non.

SR.ALCALDE.- Eu sinceramente creo que se pode aportar algo máis porque cando falamos de fondos, que precisamente chegan de forma súbita, inversións de 2 millóns de euros, nos dan un mes, que como decía algún Concelleiro: “hai que porse a traballar”. E traballamos moito pero non tanto como quixeramos orque tiñamos varios proxectos preparados, eran todos aqueles que estamos estudando e que as Concellerías respectivas da Xunta: Industria, Turismo, por exemplo, nos rexeitaron. Nos rexeitaron Elduayen, fondos do Estado, ben, vamos a utilizalos; nos rexeitaron Marqués de Quintanar, a Consellería de Industria e Comercio; nos rexeitaron Santa Liberata, a Consellería de Industria e Comercio; e por isto os metimos no fondo, porque os tiñamos preparados e a Xunta había rexeitado todos estes proxectos. Polo tanto, traballamos, sí; pero repito que poderíamos incluso traballar máis; e algúns non traballan nin na privada nin no Concello pero falan moito.

Falaron tamén dos fondos invertidos nas parroquias, están sempre co mesmo; demagóxicamente é fácil falar pero o certo é que cando nós chegamos ó goberno nos había preguntado un día un concelleiro da oposición ¿é cando van a por o saneamento na Granxa?, claro, “iso é moi caro”, ben, dende que estamos nós nas parroquias todos os Plans Provinciais foron para saneamentos, todas as posibilidades de Deputación, de Consellerías da Xunta, que dá fondos sen nome, todos foron para saneamento. Medio Rural, os Plans de infraestructuras, para saneamento; Medio Ambiente, para saneamento; Deputación, todo o que conseguimos, para saneamento; pero ademais a Deputación leva gastado no Concello de Baiona nas estradas provinciais, que son moitas, como rúas, como calles con beirarúas, con protección, máis de 3.400.000 euros; temos tamén parques infantís para as parroquias, se puxeron no noso mandato; saneamento de Fontes



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

e Caeiro, de Pouquena, Camiño Real, saneamento Medialdea, alcantarillado das Carneiras, pavimentación Porta da Vila (ésta é das que dí o Sr.Fernández que se atenden), recuperación dos molinos da senda, Baredo; saneamento de Baredo, Belesar, Santa Cristina; saneamento de Outeiro, Bouzós; saneamento de Mouta; saneamento Devesa, Costa do Xenio; Estivada, Belesar; pluviais Percibilleira e Covaterreña; non só facemos o saneamento, tamén separativas; saneamento do Burgo; Casa de Cultura de Belesar (tamén é unha inversión parroquial); obra da ponte de acceso Ladeira; mellora da ponte camiño do Barreiro; melloras da rede de saneamento camiño As Monxas; saneamento en Pontiña, en Portelos, Baredo; saneamento en Torre, Baredo; saneamento en Fontes, Boucelo; parques infantís das Parroquias; saneamento camiño Toxal; pavimentación Herminio Ramos; saneamento e pavimentación Santa María de Afora; saneamento de Cotros; saneamento de Xogo, e bombeo; saneamento de Belesar, camiño da Rectoral; colector avenida Monterreal; saneamento subida á presa; estos son algúns, non son nin moito menos todos, pero dende logo o que sí temos claro é que as demagoxias que falan de que se invirte soamente no centro de Baiona son mentira, e nós vamos a chegar con este último ¿porqué son 400.000 o que levamos para fondo estatal en saneamentos?, poque é o que queda, o único que queda, o último que queda despois de que se desenrole o que temos firmado con Medio Ambiente de 200.000 euros que vai a ir para Bahiña; éste, 400.000, remata todo o saneamento do Concello de Baiona; e vamos a facer, xa está sacado a licitación para contratar, a separativa do barrio da Anunciada, máis de 126.000 euros, sacado a licitación nestes días.

Polo tanto menos demagoxia, menos decir que non se atenden ás parroquias e que so se atende á calle Elduayen, máis sentidiño, e dende logo, moito máis traballo; e sobre todo que a Xunta (esperemos que haxa un cambio) se volque con Baiona como se volca noutras Administracións. Proxectos dende logo que nós vamos a ter, temos eses e teremos moitos máis.

Sra.Secretaria, se fixo antes unha pregunta de porqué non se incluía a calle Elduayen, ¿pode explicarllo?.

SRA.SECRETARIA.- El proyecto de Pavimentación, reposición y eiminación de barreras arquitectónicas en la calle Elduayen non se incluyó en la propuesta para su aprobación puesto que por causa de un error en la aplicación informática se solicitó con retraso respecto a las anteriores. A fecha de hoy no se ha autorizado por la Secretaria de Estado de Cooperación, pero en el día de hoy han remitido un e-mail conforme ya se ha pasado a instrucción de la Secretaria General de Cooperación.

Polo Sr.Alcalde se procede á votación do presente punto, resultando: votos a favor, 9 (8,PP, 1,CMÑ), producíndose 8 abstencións (6,PSOE, e 2,BNG).

Polo cal o Pleno, por maioría, acorda:

Primero.- Aprobar los proyectos que a continuación se relacionan con cargo a la partida presupuestaria y proyecto del Plan de Inversiones que se detalla:

DENOMINACIÓN DE LA OBRA	IMPORTE	IVA	PRESUPUESTO DE CONTRATA	Nº Proyecto Plan Inversiones	PARTIDA A PRESUP.
AMPLIACIÓN DE	344.827,59 €	55.172,41€	400.000 €	01	441-

LA RED MUNICIPAL DE SANEAMIENTO EN PARROQUIAS					60100
SENDA FLUVIAL RIO BAIÑA	155.172,42 €	24.827,58 €	180.000 €	01	432-60101
PASEO MONTEBOI	421.581,30 €	67.453 €	489.034,31 €	01	432-60102
URBANIZACIÓN ENTORNO SANTA LIBERATA	152.031,53 €	24.325 €	176.356,57 €	01	432-60103
HUMANIZACION CALLE MARQUÉS DE QUINTANAR	214.530,62 €	34.324,90 €	248.855,52 €	01	432-60104

Segundo.- Incorporar el presente acuerdo a los expedientes de contratación, que actualmente están en fase de tramitación

6.- APROBACION, SE PROCEDE, DA SOLICITUDE DA MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DO VAL MIÑOR RELATIVO A CESION DO INMOBLE DE TITULARIDADE PARA UBICACION DA SEDE.

O Sr.Alcalde cede a palabra ó **SR.RODAL, PP**, quen procede á lectura da seguinte:

PROPOSTA DA ALCALDIA

Resultando que o Pleno da Mancomunidade de Concellos do Val Miñor en sesión extraordinaria de fecha 7 de novembro de 2008 o seguinte acordo “Solicitar ó Concello de Baiona a cesión de uso do inmovible sito na rúa Ventura Misa número 19 á Mancomunidade de Concellos do Val Miñor con destino a sede permanente da mancomunidade por un prazo de oito anos.”

Resultando que na actualidade o inmovible está cedido ó INEM, se ben a prestación deste servizo trasladarse a zona de Os Tendais próximamente, revertendo o inmovible ó Concello de Baiona.

Considerando a Mancomunidade de Concellos do Val Miñor está asumindo cada vez máis competencias e dado o seu volume administrativo faise preciso a ubicación dunha sede con carácter fixo en aras de centralización dos servizos administrativos e en consecuencia a mellora da prestación dos servizos mancomunados.

E por isto polo que propono ós membros do pleno, previo ditame da Comisión Informativa de Asuntos de Pleno, adoptar o seguinte acordo:



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

Primero.- Estimar a solicitude formulada polo Pleno da Mancomunidade de Concellos do Val Miñor para o cal unha vez que o inmovible revirta ó Concello de Baiona se inicie o trámite de cesión conforme o disposto no artigo 110 e seguintes do Regulamento de bens das corporacións locais.

Segundo.- Dar traslado deste acordo a Mancomunidade de Concellos do Val Miñor.

SR.LORES, PSOE.- Como xa dixemos no propio Pleno da Mancomunidade, estamos totalmente a favor; dende o Partido Socialista estamos encantados de que a sede da Mancomunidade esté aquí posto que iso é tamén importante para Baiona.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Nos parece ben esta proposta e xa a apoiamos tamén na Mancomunidade; polo tanto vamos a votar a favor.

SR.VILAR, CMÑ.- Isto ten unha gran transcendencia para Baiona, e ten unha historia, o inmovible que se lle cedeu ó INEM se lle cedeu na defensa que sempre fixo o goberno municipal, e daquela estaba eu de Alcalde, cando se trasladou o INEM da rúa Alférez Barreiro a este inmovible cando se comprou a Casa Carvajal, onde se está facendo o actual Museo da Navegación, onde xa reformouse todo o entorno da finca e agora recuperamos este emblemático edificio. Pero tamén quero recordar aquí que ésta foi unha loita moi difícil contra aquelas persoas, non do equipo de goberno, que intentaron levar o INEM ata a zona da Ramallosa porque decían que así se centralizaba; nós defendimos que o INEM tiña que estar en Baiona e que nunca podería ir ata a zona da Ramallosa, e conseguimos que o INEM se traslade á zona dos Tendais, zona ampla, zona céntrica, e sobre todo que lle vai a dar vida e razón de ser ao centro urbano de Baiona; polo tanto nos congratula que o día 9 de marzo o INEM faga xa o traslado definitivo e abra as súas portas. Todos sabemos que lamentablemente aquí houbo persoas, representantes políticos, que negociaran co INEM o traslado a Ramallosa, e foi a firmeza dos grupos, neste caso, CMÑ, PP, e VIB, que defenderon a presenza do INEM no noso pobo; isto é o máis importante deste tema.

Recuperamos este edificio e llo vamos a ceder, proxecto que é interesante, para sede da Mancomunidade de Concellos do Val Miñor. Qué dubida cabe que Baiona está inmersa en dous proxectos mancomunados, ún que é a Mancomunidade do Val Miñor, e outro que é a Mancomunidade de Vigo; sabemos que a Mancomunidade de Vigo, desgraciadamente, non funciona; non ten un orde, non sabemos si é Mancomunidade, si é area metropolitana, non sabemos, e llo digo eu que fun o primer presidente desa Mancomunidade cando era con carácter rotativo, e funcionaba, e había reunións nas que lle tocaba ós Alcaldes presidílas, pero chegou un momento dende que o Presidente é o Alcalde de Vigo, e non me refiro soamente a quen está agora, houbo outros e tamén era o mesmo, esa Mancomunidade entrou na vía morta, na vía morta da indefinición, na vía morta de que non se sabe onde estamos; en cambio, a Mancomunidade do Val Miñor, Baiona, Gondomar e Nigrán, é unha Mancomunidade que ten razón de ser por ser 3 Concellos cunhas características similares, 3 Concellos con proxectos comúns como son a piscina mancomunada, tema de maquinaria, tema do GRUMIR, drogodependencia, consumo; é dicir, é unha Mancomunidade cun gran futuro.

O feito de que a sede da Mancomunidade esté no centro de Baiona sen dúbida ningunha vai a potenciála; e incluso o propio Alcalde de Nigrán propuxo que non foran 4 anos senón 8; isto



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

é un recoñecemento de que Baiona cree na nosa Mancomunidade, e non olvidemos que incluso en América temos os Centros miñoranos o que indica que sempre hai unha relación a través da Mancomunidade de carácter natural.

Isto ten unha gran importancia; creemos que vale a pena cederlle un inmovible emblemático á mancomunidade para que siga funcionando, e que funcione mellor aínda no futuro e que teña máis competencias. Isto demostra claramente que Baiona cree na nosa Mancomunidade, en Baiona do Miñor, e polo tanto hoxe é un día importante, este é un acordo dunha gran transcendencia a pesar de que certos grupos políticos quixeron pasálo así de refilón.

Sr.Alcalde, aprobamos este punto coa conciencia de que se vai a potenciar a nosa Mancomunidade natural pola que temos que loitar.

SR.ALCALDE.- A verdade é que todos creemos na Mancomunidade do Val Miñor, e hoxe quero agradecer a todos os grupos políticos que formamos parte dela porque foi aprobado por unanimidade e se concedeu a Baiona a posibilidade de ser a sede deste organismo, organismo importantísimo e co temos que demostrar, evidentemente, co seu funcionamento. Penso que xa no último ano e medio houbo un impulso fundamental e vamos a tratar que siga crescendo, e incluso pode ser que esas oficiñas queden pequenas.

Polo Sr.Alcalde se procede á votación do punto, resultando aprobado por unanimidade.

Polo que o Pleno, por unanimidade, ACORDA:

Primero.- Estimar a solicitude formulada polo Pleno da Mancomunidade de Concellos do Val Miñor para o cal unha vez que o inmovible revirta ó Concello de Baiona se inicie o trámite de cesión conforme o disposto no artigo 110 e seguintes do Regulamento de bens das corporacións locais.

Segundo.- Dar traslado deste acordo a Mancomunidade de Concellos do Val Miñor.

7.- APROBACION, SE PROCEDE, DA MOCIÓN RELATIVA A SOLICITUDE Á CONSELLERÍA DE EDUCACION EN RELACION Ó COLEXIO DE FONTES.

O Sr.Alcalde cede a palabra á **SRA.MARCOTE, PP**, quen procede á lectura da seguinte:

MOCIÓN DOS GRUPOS MUNICIPAIS DO PARTIDO POPULAR E DE COALICION MIÑORANA DO CONCELLO DE BAIONA

Os portavoces dos grupos municipais do Partido Popular e de Coalición Miñorana do Concello de Baiona, ao amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Entidades Locais, formulan, para a súa discusión e no seu caso aprobación no Pleno Ordinario a seguinte



EXCMO. CONCELO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

MOCIÓN

O CEIP de Fontes é un colexio de máis de 25 anos de antigüidade que desenrolou e sigue desenrolando unha importantísima labor educativa para os nenos e nenas do Concello de Baiona. Sito na parte alta da parroquia de Santa Mariña de Baíña, no Barrio de Fontes, encontrase exposto aos temporais que azotan fundamentalmente no inverno esta zona.

Dende a súa inauguración sufriu diferentes obras. Así no curso 1985-1986 ampliouse o colexio co novo módulo de preescolar e primeiro de EXB máis un gimnasio. Posteriormente realizáronse obras de conservación e mantemento. Non obstante debido o tempo transcurrido o CEIP de Fontes se atopa nunha situación difícil que require unha adaptación as necesidades actuais para conquistar un ensino de calidade consistentes en obras de accesibilidade para nenos con dificultades para deambular, reforma das instalacións sanitarias en estado lamentable e non adaptadas as idades dalgúns nenos, subsanación de humidades múltiples, do aillamento térmico e outras deficiencias que precisarían dunha reforma integral que só compete levar a cabo dende a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Entendemos que as obras a realizar precisan dun proxecto educativo e constructivo que marque as prioridades educativas desa Consellería para o CEIP de Fontes dentro dos vindeiros anos. É dicir, unha planificación educativa xeral coa finalidade de dar unha resposta satisfactoria as demandas cidadás en función do crecemento demográfico, con especial atención na determinación da oferta educativa incluíndo a nova remesa de escolares que cada ano se incorporan ao sistema educativo.

Respecto o proxecto constructivo, consideramos que debería prever a inversión necesaria para que coas obras de reforma, mellora e ampliación se de resposta aos problemas e deficiencias estruturais: accesibilidade, instalacións sanitarias, eléctricas, carpintería, deportivas (cobertura da pista deportiva),... (adxuntamos informe elaborado por técnicos municipais e fotografías da situación)

Asemade somos testigos da inquietude dos pais e nais destes nenos, representadas pola ANPA que se nos transmitiu en diferentes reunións, e que por outra banda a día de hoxe todavía non foron recibidas polos representantes da consellería.

Manifestando, unha vez máis, o compromiso deste concello na colaboración xunto coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria no mantemento dos centros educativos, e, en todo o que redunde en beneficio da educación.

A vista de todas estas consideracións o Pleno do Concello de Baiona

SOLICITA :

- 1.- Un proxecto educativo e construtivo para o CEIP de Fontes-Baiona
- 2.- Solicitar a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria unha xuntanza cos



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

representantes do concello e a ANPA de Fontes.

3.- Remitir este acordo a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

SR.LORES, PSOE.- Esta moción eu non sei como tratála; por respecto ás persoas e incluso a este Pleno, decir simplemente que é unha desfachatez traer ó Pleno semellante Moción. En principio, pór en valor o traballo feito pola AMPA e polo equipo directivo do Centro que están mantendo un proxecto ilusionante no Centro educativo e están mantendo fisicamente un espazo sen ningún apoio por parte deste Concello; polo tanto, que a estas alturas e despois dunha historia de que cada vez que se lle pedía algo ó Concello a contestación foxe: “os operarios están facendo outras labores”, “non hai orzamento. Non nos compete a nós”, estas son as respostas que recibiron un día tras outro as demandas de mantemento solicitadas, que son obriga deste Concello, e de todos os Concellos, por acordo da FEGAMP, de que o mantemento dos centros escolares depende dos Concellos. Polo tanto, a estas alturas, despois de deixar en situación preocupante algúns dos espazos e algún dos servizos dese Colexio co abandono total por parte deste Concello, se trae unha Moción onde se pide un proxecto educativo; pedir un proxecto educativo por parte do Concello é un desprezo á comunidade educativa; os que realmente fan os proxectos educativos son a comunidade educativa, por medio dos Consellos escolares; ahí é onde se elabora e se define o proxecto educativo; isto é un absoluto desprezo tanto ós pais como á dirección do Centro.

Podemos entender que no Colexio de Fontes hai que facer algún tipo de obra; hai obras maiores e hai obras de mantemento. As obras maiores están xa deseñadas, a Dirección do Centro trasladoullas xa á Consellería de Educación, por tanto, xa hai comunicación entre a Dirección e a Consellería, é así; e despois hai obras menores, efectivamente, que dependen do mantemento por parte do Concello, que non o fixo durante todo este tempo; e agora, falando xa de todo, decir que nos últimos 3 anos a Consellería invistiu neste Centro 120.000 euros, é a súa obriga, 60.000 en carpintería exterior, e outros 60.000 noutro tipo de actuacións. O PP, neste tempo, durante 12 ou 15 anos, soamente fixo un investimento de 6.308 euros no ano 2001, ahí foi cando a Consellería de Educación, do PP, investiu neste Centro. Nós, nos 3 anos de goberno na Xunta, houbo unha inversión de 60.095 euros en reformas varias e 60.099 na reposición da carpintería exterior, polo tanto é unha auténtica desfachatez que se traía a este Pleno esta Moción por parte do equipo de goberno.

Outra desfachatez é que neste tempo de goberno non se haxa convocado ó Consello Escolar municipal, que é competencia deste Centro; é ahí onde hai que definir as liñas de actuación nos centros escolares; ¿qué pasa?, ¿que o Concello non ten nada que ver na educación?, ¿que o equipo de goberno está ausente das necesidades dos Centros?, ¿cómo se distribúe ese tipo de actuacións. Porqué non se convoca o Consello, que é un Consello asesor ó cal este goberno está desprezando totalmente?. Tamén hai que recordar que dende fai 1 ano os gastos de gasoil son agora por cargo da Consellería cando antes eran do Concello, ¿qué pasa con eses investimentos; porqué non se aumenta a partida orzamentaria para o mantemento dos centros educativos?, por isto nos parece como pouco, suave, a calificación de desfachatez por parte do goberno local en pedir e traer esta Moción; póñanse vostedes a traballar, arreglen os desperfectos, o mantemento; non digan que non teñen operarios ou que non é competencia sua; reparen as deficiencias que hai nese Colexio.



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

SR.FERNANDEZ, BNG.- Estos días atrás me estiven preocupando de recibir información dos sectores implicados por parte da Dirección do Colexio, das nais (digo nais porque non había ningún pai) do Colexio de Fontes, representantes da AMPA, e a verdade é que saquei unha conclusión; a mín me gusta escoitar a todas as partes para chegar a unha conclusión e actuar en consecuencia.

A conclusión que saquei, despois de ver incluso as instalacións, é que isto parece un auténtico partido de ténis onde as nais e pais son os arbitros, pero non porque dirixan e controlen o partido, senón porque acaban mareados e con tortícolis de mirar para un lado e para o outro; esa é a conclusión que saquei. E ben certo que no Colexio de Fontes hai moitas necesidades, e é ben certo que moitas delas son obras maiores, e non entendo como un Delegado dunha Consellería non recibe ós seus representantes, non o entendo; e non entendo tampouco como o Concello de Baiona e o seu goberno local teñen nun abandono total e absoluto o mantemento dos Colexios deste Concello.

No Colexio de Sabarís, fai uns anos, cando estaba o colexio vello, chegaron a crecer setas dentro das aulas polo abandono dos gobernos locais; eu xa estou vendo, Sr.Vilar, que empeza a mover a cabez porque sabe que estou falando dél, evidentemente; pero aparte de que vostede é o Tenente de Alcalde deste Concello, e o responsable de Vías e Obras, é decir, o responsable, ún dos responsables do mantemento, aínda que o responsable final é o Alcalde, vostede é mestre, e vostede tiña que ser o primeiro en coidarse de que as instalacións públicas do ensino estiveran en perfectas condicións, tal como fixen eu cando estiven gobernando que era o responsable directo, e onde nunca tiven unha queixa das direccións ou das AMPAS porque todo o traballo que se solicitaba no mes de xuño (cando o fan os directores dos Colexios) se executaba nos meses do verán; claro que si aquí, neste Concello, adicamos os obreros a facer folklores andaluces, non temos para metelos nos Colexios, iso é o que pasa. E si neste Concello nos adicamos a que o “espello” de Baiona esté en perfectas condicións non se poden facer as obras nos Colexios.

Recordolle que cando eu estiven gobernando, no Colexio de Fontes había incluso 2 conserxes, porque ún tiña unha minusvalía importante, que é que está agora, e había 2 que lle resolvían a maioría dos problemas. Vaia vostede ós arquivos e comprobe o que se fixo no Colexio de Fontes, entre outras cousas o comedor; se fixo cando estiven eu gobernando porque eu o decidín así á solicitude da dirección dese Colexio.

E se pensan que estou falando aquí dunha maneira partidista lean a carta que enviou o equipo da Dirección do Colexio, lean a prensa hoxe: os pón a caldo, a vostedes, porque dín que co mantemento do Colexio non cumpren, pero non cumpren vostedes nin co de Fontes nin con ningún outro do Concello de Baiona; evidentemente o de Sabarís é o que menos pide porque está novo, pero nin así. Polo tanto deixen vostedes de marear a pelota, aplíquense a canción de Serrat: “niño, deja de joder con la pelota”, fagan o seu traballo e deixen de pasar a pelota ós demáis; os demáis tamén teñen responsabilidade, pero deixen de pasar a pelota porque a todo isto entre pelota e pelota resulta que os alumnos son os que pagan as consecuencias e os que sufren as calamidades dunhas malas instalacións, e cando empezan a aparecer problemas sanitarios entón nos tiraremos dos pelos.

Mire, Sr.Alcalde, con esta moción vostede non arregla nada, o único que sabe facer é darlle a volta á tortilla, como fixo sempre dende que está gobernando: ir de vítima e non resolverlle os problemas ós veciños; vostede agora mesmo lle pasa a pelota á Consellería, queda ben cos pais e nais de Fontes, e aquí se acabou o problema; pois mire, iso non é solución. Eu lle fago unha proposta, e apoiaremos esta moción, se vostedes nos aceptan a nosa proposta apoiaremos a moción; é a seguinte: en canto ó punto 1º: “*Un proxecto educativo e*



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

constructivo para o CEIP de Fontes, Baiona”, correcto. Punto 2º: “ Solicitar ó Delegado da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria unha xuntanza con representantes do Concello, é decir, os portavoces políticos, a AMPA, e o equipo directivo do Centro”, todos xuntos nunha mesa e alí que diga cada ún cal é a súa responsabilidade, e cal asume e cal non asume, e así despois xa diremos “este señor cumpríu, e este señor non cumpríu”, e o 3º punto: “Remitir este acordo á Delegación da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia”; esta moción nós apoiámola, Sr.Alcalde, e vostede sabe porque o mártes tivemos unha xuntanza, que cando se trata de acudir a unha delegación, a unha Dirección Xeral, non sobra ninguén, porque a realidade é que cando vamos a unha xuntanza desas temos que formar piña todos os grupos do Concello, e neste caso tamén as nais, os pais, e o equipo de dirección, para que isto se subsane dunha vez por todas e que non estemos pasándonos a bola uns a outros. Esta é a nosa proposta.

SR.VILAR, CMÑ.- Posiblemente eu sei máis que a maioría dos que estamos aquí como é a historia educativa de Baiona, do que foi o Colexio de Fontes, do que se fixo en educación, e do que non se leva feito. Cando se inaugurou o Colexio de Fontes, que foi para desconxentionar o Colexio de Covaterreña, se ubicou en Fontes porque acollía ós nenos de Baredo e tamén ós de Bahiña, eu tiven a sorte de vir para aquí, para Baiona, na miña profesión, ó Colexio de Fontes, e accedín á Dirección do mesmo nunha época na que había 500 alumnos, máis de 500, onde tiñamos “overbooking” á hora de matricular, o que quere decir que non funcionabamos mal de todo, viñan nenos de todas partes e había 500 alumnos; hoxe en día creo que hai 100 e pico, a diferenza é abismal. Daquela o Colexio realizaba grandes actividades deportivas, incluso habíamos ido ó campeonato de España de campo a través, había unha actividade moi intensa e propiciou que no ano 85, ou 86, se inaugurara o segundo módulo que comprendía un ximnasio que logo tiña dúas aulas para 1º e 2º de EGB e que fora unha inversión moi importante. Por certo, quero decir que que gobernaban na Xunta de Galicia era Alianza Popular, D.Gerardo Fernández Albor era o Presidente, e eu como Director do Colexio fixen unhas xestións ante o Delegado, sempre me abriron as portas, sen estar eu metido en política, para facer esas importantes inversións no colexio. Tamén quero decir que despois o Colexio de Fontes sufríu outra transformación importante onde houbo unha gran diminución de alumnos porque se creou o IESP que está na Virxen da Roca; tamén unha inversión importante que fixo o goberno de D.Manuel Fraga; ahí sí estaba eu xa de Alcalde e puxemos os terreos a disposición e se construíu o IESP, o que quere decir que dentro do ámbito educativo de Fontes xa houbo unha importante mellora posto que o que é o ensino de secundaria pasou ó Instituto 1º de Marzo polo que o Colexio quedou cos nenos máis pequenos. Tamén nese período se invertíu na ampliación do Colexio de Covaterreña unha cantidade importante, se converteu en Centro de Secundaria, e quero decir que tamén foi o Goberno de D.Manuel Fraga, sendo eu Alcalde, ou sexa, que se tiña unha gran sensibilidade co tema educativo. Nin que decir ten que se construíu un novo centro en Sabarís, onde se eliminou o antigo centro graduado de Sabarís e se fixo un Colexio novo, tamén inversión no aspecto educativo que fixo o PP cando estaba gobernando. Tamén se fixo entón no Colexio de Belesar outra ampliación importante estando gobernando na Xunta o PP.

Curiosamente, agora, que eu sepa, nunca, nunca o Concello negouse a actuar en todo o noso plan de reforma, de limpeza, de pintado de aulas, dentro das posibilidades que ten o Concello, e a permanente atención, e están ahí os operarios de Vías e Obras para actuar no Colexio; evidentemente o Colexio de Fontes, que é un colexio que xa ten 25 anos, ten un



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

problema de obras maiores que ten que resolver a Consellería; desgraciadamente os que están na Xunta de Galicia, abanderados en materia de Educación, se preocupan máis doutros temas que non de ir ó auténtico problema que son as inversións en centros; e todo iso require un Plan de inversións, que non soamente sexa Política Lingüística, que tamén sexa un plan de inversións. Polo tanto creemos que a Xunta de Galicia ten unha responsabilidade directa para mellorar o Colexio de Fontes; non quero entrar noutros aspectos porque eu, ó fin e ó cabo, son un profesional da enseñanza, son profesor do Instituto, a través do Colexio de Fontes, porque eu era profesor de EGB alí e nos incorporamos ó Instituto, é dicir, está dentro do meu ámbito educativo, e non vou facer (por respecto ós meus compañeiros de profesión) ningunha crítica con relación a escritos que se poideron presentar por algúns compañeiros meus, non o vou a facer. Simplemente, como tedes que comprender, eu me limito ao Plan de Inversións, e lóxicamente que ten a obriga de mellorar un Centro que xa é antigo, que sí que dispón dun gran espazo, como é lóxico porque antes había 500 alumnos e agora hai 150, por iso digo que non entendo como o outro día unha carta decía que estaban as duchas cheas de material, outra cousa non haberá pero no Colexio de Fontes espazo sobra, e creo que quen ten a obriga da mellora do Colexio é a Consellería, das obras maiores. Das obras menores (porque non é o mesmo arreglar un Centro novo que un vello) sí que se encarga o Concello, sí que estamos con atención permanente, pero o certo é que é un Colexio que pola súa antigüidade require unha inversión, e esa é responsabilidade da Xunta.

O que é sorprendente é que un Delegado de Educación non reciba a uns representantes municipais e da AMPA, iso sí que é sorprendente. Ata agora, que eu saiba, nunca os Delegados se negaron, poideron tardar máis ou menos tempo, pero sempre os recibiron, e sobre a mesa se plantexaban os problemas; a mín me consta que este goberno municipal ten unha concelleira de Educación, compañeira nosa, que está dedicada plenamente á labor educativa, que se está esforzando totalmente, que é unha persoa preparada, cun gran interese, e sabemos que ese tema no Concello está en boas máns; tamén sabemos que hai unha asociación de pais, de mulleres algunhas novas, outras foron alumnas miñas do Colexio de Fontes, que me encanta que estén preocupados por ese Centro; pero o que é lamentable é que un Delegado non reciba ós pais, non reciba ós representantes do Concello, iso é lamentable; pero claro, desgraciadamente, os cartos que se destinan para mellora dos Centros, e sobre todo deses centros que son antigos, son moi poucos. E a anterior Xunta de Galicia sí que invirtiu, esa é a realidade, e podía haber manifestacións, pero había inversións; en cambio agora este Goberno non invirte nada, pero polo menos que nos digan que non teñen partida, ou que teñen outras prioridades.

Non me explico que aquí haxa concelleiros que non voten a favor desta moción porque realmente o que se pide é un proxecto educativo e constructivo para o CEIP de Fontes, Baiona; solicitar ó Delegado da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria unha xuntanza con representantes do Concello e da AMPA, e que nunha mesa se fale e que se plantexen os problemas, e que se invirta en obras maiores; iso é fundamental; e remitir este acordo á Delegación da Consellería de Educación; creo que isto é correcto, é unha moción oportuna e importantísima porque senón se debatira hoxe esta moción aquí hoxe non estarían aquí os pais e nais, e mañá posiblemente reciban a atención da prensa.

A solución a ten a Consellería, e desgraciadamente en Galicia en materia educativa existen outras prioridades que non son as de inversión nos Centros. Apoiamos esta Moción porque creemos que os responsables son os da Consellería que teñen, polo menos, que reunirse co



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

Concello de Baiona, cos pais e nais, para falar deste tema. Iso é o mínimo e é o que pedimos aquí.

SRA.MARCOTE, PP.- Le quiero recomendar al Sr.Lores que antes de decir lo que es desfachatez ó no, tuviese en cuenta que desfachatez es que la Consellería de Educación pretenda que los Concellos inviertan parte del Fondo Estatal en los Colegios; lo mismo que dijo Xose Enrique, la Consellería tiene su partida presupuestaria y no puede desviar; eso sí es desfachatez.

Al Sr.Xose Enrique le quiero comentar que no se trata para nada de un partido de ténis ni se trata de pasarse la pelota, y se lo explico ahora mismo, las obras que necesita este Colegio son obras de reforma y que son competencia de la Consellería de Educación y Ordenación Universitaria, pues es muy clara la normativa al respecto; y así, el RDL 2/2000, texto refundido de la Ley de Contratos de Administraciones Públicas, en su artículo 123, define el concepto general de *reforma*, que abarca el conjunto de obras de ampliación, mejora, modernización, adaptación, adecuación, o refuerzo, de un inmueble ya existente; y es en ese mismo artículo donde se define el concepto de *conservación*, "*si el menoscabo se produce en el tiempo por el natural uso del bien, las obras necesarias para su enmienda tendrán el carácter de conservación; las obras de mantenimiento tendrán el mismo carácter que el de conservación*". Así como la Ley orgánica 2/2006, de 3 de mayo, en su disposición adicional 15 afirma que "*La conservación y mantenimiento de los edificios destinados a Centros públicos de Educación infantil, de Educación primaria y de Educación Especial corresponderán al Municipio respectivo, exige también a las Comunidades Autónomas las obras de reforma, ampliación y mejora*"; es decir, la construcción de un nuevo Centro, las obras de reforma, de adaptación de espacios a usos nuevos, y de ampliación y mejora, son inversiones propias de la Administración educativa, y la normativa es muy clara en este aspecto; no existe ningún partido de ténis ni pases de pelota; y por cierto, y como la propia Federación Española de Municipios y Provincias establece, y cito literalmente: "*Aunque se haga una conservación perfecta de los elementos constructivos y de las instalaciones, éstas y aquellos tienen una vida útil de 20 a 25 años, después de los cuales es necesaria la renovación de los mismo; lo mismo se podría decir de las carpinterías, ventanas, cerrajería, etc. Estas inversiones de reposición tienen un coste económico que es difícil de asumir, en general, por los Ayuntamientos*"; y ésto lo reconoce la Federación Española de Municipios literalmente; en este caso concreto que nos ocupa, es de conocimiento generalizado que el Colegio de Fontes cuenta con antigüedad superior a 25 años, concretamente 28 años; por parte del Concello llevamos realizado innumerables trabajos de mantenimiento, tanto desde el departamento de electricidad como de fontanería, de jardinería, de carpintería, como de Vías y Obras en general.

Aprovecho esta ocasión para transmitir mi agradecimiento a dicha Concejalía a cargo del Teniente de Alcalde Manuel Vilar. Paso a enumerar algunas de las reformas que llevamos hechas: mantenimiento de pantallas fluorescentes, cambios de tubo, reactancias, cebadores en ambas plantas, montaje de líneas en modificaciones de almacén y colocación de pantallas florescentes, montaje de programadores de intensidad en los focos del salón de actos, arreglo de averías en las líneas de las aulas superiores, colocación de líneas y modificación en el cuadro de la planta superior, reparación de avería en el salón de actos de la planta baja, montaje de líneas y cerradura electrónica en la puerta exterior pequeña, montaje de timbre en la puerta exterior pequeña, arreglo del cuadro de motores de bombeo, modificación y arreglo de la programación de la caldera de calefacción, varias programaciones de relojes y



EXCMO. CONCELLO

DE

B A I O N A

(PONTEVEDRA)

luces exteriores, arreglo de las mismas, varias programaciones del reloj de la caldera, cambio de enchufes en la sala de profesores, cambio de línea en los motores de bombeo, cambio de interruptores en el aula de la planta superior, y sigo: cambio del cierre exterior de la tela plástica del cierre de todo el Colegio, reparar rotura de agua en la entrada de la caldera, colocación de grifos en baños en primer y segundo piso, colocación de inodoros en los baños de los niños por rotura; pintar puertas, armarios y aulas; hacer soporte de televisión y video, colocar puerta metálica en aula informática, hacer una meseta para comedor con fregadero, colocación de un termo eléctrico para el mismo; colocación de cristales de rejilla de ventilación, colocación de plantas de vitrofilm en el falso techo, colocación de telefonillo y cerradura eléctrica, pintado de radiadores; división de ladrillo revestido pintado, colocación de una puerta y tarima flotante en el aula de la Dirección; cristales puertas y ventanas en parvularios, colocar tensor para obra de teatro, montar canastas en patio exterior y hacerle contrapesos de hormigón, pintar pistas exteriores, cortar hierba, reformar escaleras en la entrada del Colegio; en la Biblioteca se tapió la puerta y se pintó; cambio de llaves de paso y detectores de los radiadores de regulación, mover mobiliario, retirar pino caído en patio exterior, pintar pasamanos exterior en color verde, cambiar dos bombas de agua en la entrada del colegio, reformar y cambiar radiador nuevo en la entrada del hall, cambiar cristales gimnasio parvulario, retirar estructura metálica en el patio exterior con las uralitas, colocar espalderas y canastas en gimnasio y rodapié, cambiar llaves de los radiadores, reponer rodapiés en aulas, limpieza de desagüe del colector principal, cambiar grifo del pedal en el comedor, reparar atasco en casa del conserje, reformar desagüe del lavado debido a una pérdida y cambio latiguillos y sellar, colocar descargadores automáticos de water del primer y segundo piso, colocación papeleras en patios, colocación tela mosquitera en comedor.

Aparte se han ejecutado obras de un importe bastante importante como ha sido la colocación de dos marquesinas, una enfrente y otra en la entrada del colegio, la construcción e instalación de un parque infantil anexo, y recientemente la colocación de hormigón pulido en la pista de baloncesto; obras que ascienden a un importe aproximado de 40.000 euros.

No solo se ha hecho esto sino que aparte tenemos el mantenimiento, la electricidad, la limpieza, todo eso lo asume también el Concello.

Respecto a la electricidad, desde que la Consellería asume el gasoil, no debe de llegar porque los radiadores eléctricos están encendidos, me consta porque yo lo he visto.

El informe de los servicios técnicos municipales ha sido remitido al Delegado de la Consellería de Educación y Ordenación Universitaria por parte del AMPA y del Concello, sin haber recibido contestación alguna, algo que me parece gravísimo. Me consta también que el AMPA ha intentado sin éxito en numerosas ocasiones, y me consta porque me lo han dicho varias veces, vía telefónica concertar una reunión con el Delegado en Pontevedra, reunión que a día de hoy no solo no se ha mantenido sino que ni siquiera tiene fecha de celebración; y desde el Concello queremos mostrar nuestra inquietud, el total apoyo al AMPA, y eso es cierto, propiciar una actitud de máxima colaboración con la Consellería de Educación y Ordenación Universitaria para que esta situación deficitaria del Colegio de Fontes sea subsanada con la mayor brevedad posible así como solicitar una planificación educativa general en función de dicha oferta.

SR.ALCALDE.- Magnífica exposición, señora concejala.



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

SR.LORES, PSOE.- Eu non sei cantos cadros colocaron ou sacaron, iso non importa, o único decirlle á concelleira que cambiar un grifo é tema de fontanería, cambiar un pomo dunha porta creo que tamén, reparar un desague creo que tamén, ou sexa, que todo isto non creo que sexa nada extraordinario; paréceme que fixeron moitas cousas, claro que sí, pero tamén quedaron unhas pouquiñas por facer, póñanse mañá cos operarios e arranxenlas, e punto. Según a Dirección do Centro estase xa traballando coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. O que decimos é que o Concello cumpra co que ten que cumprir e eu podo asegurar que a AMPA será recibida polo Delegado de Educación, comprométeme aquí e que conste en acta que o Delegado recibirá á AMPA; en 15 días.

SR.ALCALDE.- Sr.Lores, a verdade é que temos que agradecer a Manolo Vilar e á concejala de Educación porque han conseguido que se comprometa vostede, Sr.Lores, en secretario do delegado de Educación, a verdade é que isto é novo; xa conseguimos cousas importantes neste Pleno.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Eu despois de escoitar ó Sr.Vilar e á señora concelleira a verdade é que non sei de onde sacaron as fotos estas nais, de verdade que non o entendo, deberon de ir a Irak ou a Afganistán, porque do colexio de Fontes non deben de ser. Fala o Sr.Vilar de que o PP fixo inversións en Baiona, aínda me acabo de enterar agora mesmo, ¿foi un lápsus, non?, sería cando o PP gobernaba na Xunta, algunha, non moitas. En todo caso lle teño que decir, porque xa levan vostedes gobernando dende os Reis Católicos (terminaron eles de gobernar e pasaron vostedes), si estiveran feitas tantas inversións como dí vostede pois estaría todo noutras condicións. Recordo que tanto vostede como a concelleira Angeles Silva levan dito neste Pleno mil e unha vez que se ía cubrir o patio de Fontes, mil e unha vez, ano atrás ano, día atrás día, o levan prometido aquí non sei cantas veces e a día de hoxe aínda non se fixo; resulta que agora somos nós os culpables, somos os culpables de todos os males deste Concello. Sra.Silva, despois me explica o que queira, pero a cuestión é que o patio non está cuberto, o patio está sen cubrir.

Falan vostedes dos nosos 4 anos, deberon ser os 4 anos do fin do mundo, pero co fin do mundo chegou a galescola, chegou un Centro de Día (que está parado pola mala xestión do Sr.Alcalde), e chegou eliminar as inundacións de Sabarís, e darlle subvencións ós veciños para que poideran vivir nas suas casas outra vez.

Vostede, señora concelleira, fixo un redactorio que debe ser de todo o Concello, e de Gondomar e de Nigrán tamén; ¿de ano e medio?: a enganaron como a unha china: ¿fontanería onde?, ¿onde fixeron os traballos, e os de carpintería?, mire, hai portas rachadas, furadas, e que foron instaladas polos carpinteiros municipais mandadas polo Sr.Vilar que cando se colocaron tiñan xa polilla; xa tiñan polilla. Fala de pintura, ¿onde pintaron?, é certo que puxeron unha tarima flotante na aula de Dirección, pero manden novamente ós operarios alí porque está como un mar, de ondas, ¿sabe porqué? porque non hai persoas cualificadas. Dí que é polo peso, pois mire, non hai ningún obeso na dirección dese Colexio. A tarima flotante ten que cumprir unhas condicións técnicas, e senón as cumpren pasa o que pasou; a persoa que o fixo evidentemente non era un especialista no tema nin sabe o que hai que saber para poder montála; por tanto manden reparála, a ver si se nos vai a converter nunha obra menor tamén.

Dí que mandou cortar nos exteriores, pois vaia a comprobar a herba que cortou; fíxese na última páxina do informe do técnico e fíxese que aparecen arquetas sen tapa, buracos no césped e unha fosa séptica perigosísima, (por certo, Sr.Alcalde, acórdese de meter ó Colexio



EXCMO. CONCELLO
DE
B A I O N A
(PONTEVEDRA)

neses puntuais que quedan sen saneamento). O informe está feito do 6 de novembro do 2008; tapen as arquetas e os buracos do patio, Sr.Alcalde; cando se fixo este documento isto non estaba feito porque senón estas fotos deben ser tamén de Afganistán como as que sacaron as nais.

Vostedes teñen responsabilidade e a Xunta de Galicia, o Delegado Provincial, tamén ten a súa responsabilidade. Eu dixen dende o principio que deixemos de marear a pelota, sumemos forzas, solicitemos ó Delegado unha xuntanza e vamos todos alí e a ver quen asume decisións; eu quero que se leve alí unha decisión plenaria, que para iso estamos aquí debatindo dende as 12 da mañá; vamos a asistir alí, que ninguén sobra, e esixamos que cada ún asuma as súas responsabilidades, e quen non o faga terá que asumir as súas consecuencias diante dos pais e das nais.

Pídolle ó Sr.Alcalde que acepte esta enmenda que nós facemos porque senón, tal e como está feita a Moción, para o noso entender non vai a servir para máis do mesmo que estivemos ata agora. Lle pedimos que acepte estas enmendas que creo que non son desmesuradas e son perfectamente asumibles polo goberno local; que esa xuntanza se solicite ó Delegado e que sexa integrada esa Comisión por parte das nais e pais, da Dirección do Colexio e dos representantes municipais neste Concello, os portavoces municipais. Creo que ese é o camiño que debemos seguir para definir as responsabilidades de cada ún.

SR.VILAR, CMÑ.- Despois de todo este debate penso que xa quedou claro que o Colexio de Fontes, que ten máis xa de 25 anos, require unha reforma importante, a fondo, por parte da Consellería de Educación, iso é fundamental; porque de nada vale arreglar un grifo se hai que cambiar todas as tuberías, e iso é unha obra maior; de nada vale cambiar a taza nun baño se hai que levantar os desagües; por tanto, o máis importante é que a Xunta de Galicia faga esa inversión nun Centro no que ata agora non o fixo, e que se siga co espírito de renovación dos centros educativos que existía co anterior goberno do PP.

SRA.MARCOTE, PP.- Le quiero decir al Sr.Fernández que me parece mucho más interesante que se invierta mucho más (sobre todo en el Colegio de Fontes) y no tanto en una política lingüística que creo que llega a límites extraordinarios, intervencionistas; y vuelvo a reiterar que el Delegado Educación tenga a bien recibirnos tanto a mí, concejala de Educación, como al Alcalde, como al AMPA, y un aplauso para ellas.

SR.ALCALDE.- As mocións se levan ás Comisións Informativas e alí se discuten; non debe ser unha discusión demagóxica porque falar de que “fai uns días que fun polo colexio, entereime desto e doutro, ...” paréceme unha falta de respecto ós concelleiros que levan traballando todos estes anos para que iso mellore. O Sr.Fernández é un demagogo y non tratou en ningún momento de defender ó Colexio de Fontes; non vamos a ser partícipes dun teatro que él queira montar.

O Colexio de Fontes neste momento non ten cuberta porque o actual Goberno da Xunta non quixo; se chegou a mandar un proxecto de cobertura porque foi a prioridade marcada pola Dirección e pola AMPA como a obra máis importante que había que facer nese colexio naquel momento; iso se levou adiante e se chegou a mandar por parte da Xunta un proxecto de cobertura a este Concello pedindo a licenza municipal para poder leválo a cabo; ese proxecto foi revisado por todos nós e concedida lóxicamente esa licenza; houbo cambio de



EXCMO. CONCELLO

DE

B A I O N A

(PONTEVEDRA)

gobierno e a continuación a Dirección do Centro dixo que a prioridade non era esa senón que era outra.

Decir tamén (porque agora todos somos bós pero non sempre foi así) que a primeira noticia que tivemos nós por parte da Dirección de que os baños non estaban ben foi fai escasos 2 ou 3 meses, e é máis: non pola Dirección, primeiro pola AMPA e a continuación nunha reunión pola Dirección; polo tanto non estamos inventando nada, nós respostamos, aínda que dende a Dirección se nos reclama para o mantemento, e se informa progresivamente en todo momento á AMPA do que se vai a facer. Entendemos que a solicitude da moción está presentada así nestes puntos porque así nos foi solicitado pola AMPA de que non era recibida, e que podería ser recibida polo Delegado se a solicitude partira do Concello.

O debate é na Comisión Informativa, e non vir agora a facer demagogia nun Pleno. Vamos a votar o que habíamos solicitado; non aceptamos a enmenda do BNG.

Polo Sr.Alcalde se procede á votación da inclusión da enmenda do BNG na Moción, resultando: 8 votos a favor (6,PSOE, e 2,BNG), fronte a 9 votos en contra (8,PP, 1,CMÑ), polo cal rexeitase a inclusión da enmenda do BNG.

Procédese agora polo Sr.Alcalde á votación da Moción presentada, resultando: 9 votos a favor (8,PP, 1,CMÑ), fronte a 8 en contra (6,PSOE, e 2,BNG), polo cal resulta aprobada.

E polo que o Pleno, por maioría, ACORDA:

SOLICITAR :

1.- Un proxecto educativo e construtivo para o CEIP de Fontes-Baiona

2.- Solicitar a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria unha xuntanza cos representantes do concello e a ANPA de Fontes.

3.- Remitir este acordo a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

8.-MOCIONS.

Non se presentan.

9.-ROGOS E PREGUNTAS.

RESPOSTA DA SRA.MARTINS, PP (á pregunta do SR.LORES, PSOE, no Pleno do 15.1.09 sobre as actividades deportivas).- Contestarlle que sí estamos ó tanto, diariamente



EXCMO. CONCELLO
DE
B A I O N A
(PONTEVEDRA)

falamos coa empresa que leva as xestións e a día de hoxe esas dificultades que surxiron están solucionadas.

- PREGUNTAS DO BNG, SR.FERNANDEZ, no Pleno do 15.1.09:

SRA.SIMONS, PP.- Decir que sí temos coñecemento da situación e engadir que a empresa MARVIL ten un prazo para comezar as obras, e no momento actual non se atopa caducada a licenza.

ROGO DO PSOE.- SR.LORES:

- Temos coñecemento de que un cidadá pediu por Rexistro unha documentación que ía dirixida ó PSOE; temos aquí unha copia, pero non nos foi remitida. Queremos **ROGAR** que no sucesivo nos trasladen as peticións. Solicita *“del Partido Socialista en el Ayuntamiento de Baiona que realice las gestiones oportunas en donde proceda para conseguir lo solicitado y me informe”*, isto entrou no Rexistro do Concello o 9 de outubro e a nós non nos chegou; era un tema dunha reclamación para unhas probas selectivas.

ROGO DO BNG.- SR.FERNANDEZ:

- Nós exactamente o mesmo.
- Aparte, quixera facerlle unha pregunta, Sr.Alcalde, ¿ten coñecemento das presuntas irregularidades reflexadas na taboa de puntuación dos aspirantes á praza de contratación laboral temporal dun conserxe para o Colexio de Sabarís?.

SR.ALCALDE.- Non teño coñecemento.

SR.FERNANDEZ.- Pois para evitar conflitos xurídicos esperemos que se resolva o tema satisfactoriamente.

- ROGO DO PSOE.- SRA.MIGUEZ:

- Que do Servizo de Información ó cidadá se oferte asesoramento ós veciños que están moi preocupados pola facturación de FENOSA. Que se lle dé publicidade porque hai xente que aínda está despistada preguntando onde pode dirixirse.

SR.ALCALDE.- Non é en Atención ó cidadá, é en Consumo; estáse facendo porque hai unha gran demanda de xente queixándose do tema dos recibos; moitísima xente; estánse remitindo as queixas. Sobre a publicidade, de feito creo que saía hoxe unha nota de prensa que non sei se chegaría xa ós medios de comunicación.



EXCMO. CONCELLO

DE

B A I O N A

(PONTEVEDRA)

E non habendo máis asuntos a tratar, polo Sr.Alcalde-Presidente levantouse a sesión, sendo as quince horas e cincuenta e cinco minutos do mesmo día, de todo-lo cal, como Secretaria, CERTIFICO.